



DILIXENCIA: Para facer constar que o presente prego de cláusulas administrativas particulares foi aprobado por acordo da Xunta de goberno local adoptado na súa sesión ordinaria de data de 2016
Bueu, a de de 2016
A secretaria do concello

Nuria Lobato Del Río

PREGO DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS PARTICULARES QUE REXERÁ A LICITACIÓN PARA CONTRATAR, MEDIANTE PROCEDIMENTO ABERTO E TRAMITACIÓN ORDINARIA, O SERVIZO DE BALIZAMENTO DAS PRAIAS DO CONCELLO DE BUEU

ÍNDICE

I. OBXECTO, RÉXIME XURÍDICO, ÓRGANO E PROCEDIMENTO DE CONTRATACIÓN

- I.1. Obxecto do contrato, ámbito de aplicación e necesidades a satisfacer
- I.2. Normas aplicables
- I.3. Órgano de contratación. Facultades
- I.4. Procedemento de adxudicación

II. DURACIÓN DO CONTRATO E PRÓRROGAS

III.- RÉXIME ECONÓMICO E FINANCIAMENTO DO CONTRATO

- III.1. Valor estimado
- III.2. Sistema de determinación do prezo
- III.3. Prezo do contrato e gastos a cargo do adxudicatario
- III.4. Disponibilidade orzamentaria.
- III.5. Financiamento do contrato

IV. REVISIÓN DE PREZOS

V. GARANTÍAS

- V.1 Provisional
- V.2 Definitiva

VI. CONSULTA DO EXPEDIENTE E PERFIL DO CONTRATANTE

VII. CAPACIDADE PARA CONTRATAR

VIII. UNIÓN TEMPORAIS DE EMPRESAS

IX. REQUISITOS MÍNIMOS DE SOLVENCIA

- IX.1. Solvencia económica e financeira
- IX.- Solvencia técnica ou profesional

X. PROPOSICIÓN

- X.1. Lugar e prazo de presentación.
- X.2. Documentación.
 - X.2.1.-Declaración responsable e Documento de aceptación de forma de comunicación/notificación:
 - X.2.2.- Sobre A: Subtitulado "Oferta económica".
 - X.2.3.-Documentos orixinais e lingua



CONCELLO DE BUEU

DEPARTAMENTO SECRETARÍA-Servizo de contratación

RÚA DE EDUARDO VINCENTI, 8. 36930 - BUEU (PONTEVEDRA)

SECRETARIA@CONCELLODEBUEU.ORG / TLF. 986 390 029 / FAX 986 322 099

CIF: P3600400 J. Rex. E.111

Rf. PCAP/S/C4-16

Page 2 of 40

DILIXENCIA: Para facer constar que o presente prego de cláusulas administrativas particulares foi aprobado por acordo da Xunta de goberno local adoptado na súa sesión ordinaria de data de 2016

Bueu, a de de 2016

A secretaria do concello

Nuria Lobato Del Río

XI. ADXUDICACIÓN DO CONTRATO

XI.1. Criterio de adxudicación: único criterio (prezo)

XI.2. Normas xerais

XI.3. Apertura e exame das proposicións. Valoración de ofertas e proposta de adxudicación

XI.4 . Clasificación de ofertas. Presentación de documentación e adxudicación do contrato

XI.4.1. Documentación acreditativa do cumprimento dos requisitos previos

XI.4.2. Documentación necesaria para a adxudicación do contrato

XII. MESA DE CONTRATACIÓN

XIII.FORMALIZACIÓN DO CONTRATO. PRAZO DE FORMALIZACIÓN E PUBLICIDADE DA FORMALIZACION

XIV. SUCESIÓN NA PERSOA DO CONTRATISTA

XV. MODIFICACIÓN DO CONTRATO.

XVI. RESPONSABLE DO CONTRATO

XVII.- EXECUCIÓN DO CONTRATO

XVII.1.- Xestión do servizo (programa de traballo e estudo de seguridade e saúde) e interlocutor do contratista.

XVII.2.-Risco e ventura do contratista

XVII.3.-Obrigas relativas á seguridade, saúde e hixiene no traballo e persoal adscrito á execución do contrato

XVII.4.-Obrigas relativas aos secreto profesional.

XVII.5- Obrigas relativas ao tratamento dos datos de carácter persoal.

XVII.6-Obrigas relativas á subscrición de seguro de responsabilidade civil.

XVII.7-Cesión e subcontratación do servizo.

XVII.8- Gastos a cargo do adxudicatario

XVIII.- EXECUCIÓN DEFECTUOSA E DEMORA. PENALIDADES

XIX.- PRAZO DE GARANTÍA E DEVOLUCIÓN DA GARANTÍA DEFINITIVA

XX.- ABONO DO PREZO

XXI.- RESOLUCION DO CONTRATO

XXII.- XURISDICCIÓN COMPETENTE

ANEXO I.- CADRO RESUMO DO CONTRATO



DILIXENCIA: Para facer constar que o presente prego de cláusulas administrativas particulares foi aprobado por acordo da Xunta de goberno local adoptado na súa sesión ordinaria de data de 2016
Bueu, a de de 2016
A secretaria do concello

Nuria Lobato Del Río

ANEXO II.- MODELO DE DECLARACION RESPONSABLE

ANEXO III.- MODELO DE PROPOSICION ECONÓMICA

ANEXO IV.- MODELO SOLICITUDE DE DILIXENCIA DE BASTANTEO DE PODERES

ANEXO V.- MODELO DE DECLARACIÓN RESPONSABLE DE VIXENCIA DOS DATOS

ANOTADOS NO REGISTRO DE LICITADORES

ANEXO VI.- DISPOSICIÓN DOS TRAMOS DE BANDA LITORAL E DOS CANALES NÁUTICOS.



DILIXENCIA: Para facer constar que o presente prego de cláusulas administrativas particulares foi aprobado por acordo da Xunta de goberno local adoptado na súa sesión ordinaria de data de 2016
Bueu, a de de 2016
A secretaria do concello

Nuria Lobato Del Río

I. OBXECTO, RÉXIME XURÍDICO, ÓRGANO E PROCEDEMENTO DE CONTRATACIÓN

I.1. Obxecto do contrato, ámbito de aplicación e necesidades a satisfacer

O obxecto deste contrato é a prestación do servizo de instalación, mantemento ao longo das tempadas estivais, retirada e limpeza de todos os elementos instalados ao termo da temporada estival, transporte e almacenamento dun sistema de balizamento nas praias de Concello de Bueu, separando a actividade náutica e portuaria da actividade recreativa vinculada á zona de baño, que inclúe tanto o balizamento da praia como dos canais de acceso de embarcacións náutico-recreativas conforme a este prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP), ao de prescricións técnicas (PPT), onde entre outros, se definen os elementos mínimos a instalar, a ubicación dos mesmos e forma de instalación.

As actuacións deste contrato radicaranse nas seguintes praias:

- Praia de Lapamán
- Praia de Portomaior
- Praia de Banda do Río
- Praia de Area de Bon
- Praia de Loureiro

No anexo VI dos PCAP quedan determinados os tramos de banda do litoral

A prestación do servizo deberá axustarse, en todo caso, ás obrigas contidas na seguinte normativa sectorial de aplicación e ás normas e instrucións técnicas en vigor que sexan aplicables así como coas condicións particulares das autorizacións emitidas pola capitanía marítima e Demarcación de Costas competente:

- Lei 22/1988, de 28 de xullo, de Costas modificada pola lei 2/2013, de 29 de maio, de protección e uso sostible do litoral
- Real decreto 876/2014, de 10 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral de costas
- Real decreto 1835/1983, de 25 de maio polo que se adopta para as costas españolas os sistema de balizamento marítimo da Asociación Internacional de Señalización Marítima (AISM)
- Resolución de 02.09.1991 do MOPT sobre o balizamento de praias, lagos e superficies de augas interiores, senais de temporal e tráfico portuario (Regulamento de Portos do Estado de 22 de abril de 1998 que modifica o punto 1 da Resolución ministerial anterior)
- Instrución se servizo núm. 5/97 da Dirección xeral da Marina mercante sobre balizamento de praias
- NTOIAN Normas Técnicas sobre obras e instalacións de Axuda á Navegación. M.O.P.T. (1986)
- IALA/AISM Recomendacións da Asociación Internacional de Sinalización Marítima



CONCELLO DE BUEU

DEPARTAMENTO SECRETARÍA-Servizo de contratación

RÚA DE EDUARDO VINCENTI, 8. 36930 - BUEU (PONTEVEDRA)
SECRETARIA@CONCELLODEBUEU.ORG / TLF. 986 390 029 / FAX 986 322 099
CIF: P3600400 J. Rex. E.111

Rf. PCAP/S/C4-16

Page 5 of 40

DILIXENCIA: Para facer constar que o presente prego de cláusulas administrativas particulares foi aprobado por acordo da Xunta de goberno local adoptado na súa sesión ordinaria de data de 2016
Bueu, a de de 2016
A secretaria do concello

Nuria Lobato Del Río

- Resolución da Capitanía Marítima de Vigo de 02 de xuño de 2011, pola que se aproban NORMAS DE NAVEGACIÓN e SEGURIDADE nas augas marítimas da provincia marítima de Vigo. (BOP núm. 115 de 16.11.2011)

- Ordenanza municipal reguladora do uso e disfrute das praias do concello de Bueu (BOP núm. 195 de 09.10.2012)

As necesidades a satisfacer coa celebración do contrato serán, entre outros, o cumprimento da obriga de ordenar e compatibilizar os diferentes usos lúdicos coas zonas reservadas aos bañistas ñas praias de Bueu, garantindo así a seguridade e o bo uso das zonas de baño.

A clasificación do servizo obxecto do contrato consonte ao Vocabulario Común de Contratos (CPV) do Regulamento (CE) nº 2195/2002, modificado polo Regulamento CE nº 213/2008 é a seguinte: 63724310-6 -> servizos de balizado con boias.

1.2. Normas aplicables.

O presente contrato de servizo ten carácter administrativo, tal e como establecen os arts. 10 e 301 do TRLCSP, e ambas as partes quedan sometidas expresamente ao disposto no citado texto refundido, e as súas disposicións de desenvolvemento, concretamente ás seguintes:

- a) Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LRBRL).
- b) Real decreto legislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL).
- c) Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia (LALG).
- d) Real Decreto Legislativo 3/2011 de 14 de novembro polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Contratos (TRLCSP).
- e) Real decreto 1098/2001, do 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral da Lei de contratos das administracións públicas (RXLCAP).
- f) Lei 30/1992, de 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común (LRJPAC).
- g) Lei 31/1995, de prevención de riscos laborais (LPRL) e os seus regulamentos.
- h) Real decreto 486/97, do 14 de abril sobre disposicións mínimas de seguridade e saúde nos lugares de traballo.
- i) Calquera outras disposicións legais vixentes que lles sexan de aplicación ás corporacións locais.

O presente contrato rexerese polo disposto neste Prego de Cláusulas Administrativas Particulares (PCAP) e no de Prescricións Técnicas (PPT), que revestirán carácter contractual. O contrato que se asine axustarase ao contido deste prego cuxas cláusulas considéranse parte integrante do mesmo. No caso de contradición entre o PCAP e o PPT prevalecerá o primeiro. O descoñecemento do contrato en calquera do seus termos, dos documentos anexos que forman parte do mesmo, ou das instrucións, pregos ou normas de toda índole aprobadas pola Administración municipal, que puideran ser de aplicación na execución do pactado, non eximirá ao contratista da obriga do seu cumprimento.



CONCELLO DE BUEU

DEPARTAMENTO SECRETARÍA-Servizo de contratación

RÚA DE EDUARDO VINCENTI, 8. 36930 - BUEU (PONTEVEDRA)
SECRETARIA@CONCELLODEBUEU.ORG / TLF. 986 390 029 / FAX 986 322 099
CIF: P3600400 J. Rex. E.111

Rf. PCAP/S/C4-16

Page 6 of 40

DILIXENCIA: Para facer constar que o presente prego de cláusulas administrativas particulares foi aprobado por acordo da Xunta de goberno local adoptado na súa sesión ordinaria de data de 2016
Bueu, a de de 2016
A secretaria do concello

Nuria Lobato Del Río

Para os efectos do presente prego e do TRLCSP están suxeitos á regulación harmonizada os contratos de subministro cuxo valor estimado sexa igual ou superior á cantidade que figura no seu art. 16.1. Neste senso, O PRESENTE CONTRATO NON ESTÁ SUXEITO Á REGULACIÓN HARMONIZADA.

I.3. Órgano de contratación.-Facultades- O órgano de contratación é a Xunta de goberno local do Concello de Bueu, por delegación de alcaldía efectuada mediante resolución de alcaldía núm. 583 de 17.06.2015 (BOP núm. 121 de 26.06.2015). Dito órgano ten as facultades relativas á adxudicación do correspondente contrato e, as prerrogativas de interpretalo, resolver as dúbidas que ofrezca o seu cumprimento, modificalo por razóns de interese público, acordar a súa resolución e determinar os efectos desta, co suxeición á normativa aplicable. Os acordos que a este respecto dite serán executivos, sen prexuízo do dereito do contratista a súa impugnación perante a Xurisdición competente.

I.4. Procedemento de adxudicación.

O contrato se adxudicará polo procedemento aberto, cun único criterio de adxudicación, nos termos sinalados nos arts. 157 a 161.2 do TRLCSP, e tramitación ordinaria.

II.- DURACIÓN DO CONTRATO E PRÓRROGAS

O prazo de duración do contrato será de dous (02) anos estando previsto o seu inicio na data que se consigne no documento de formalización do contrato e que, en ningún caso, poderá exceder dun (01) mes dende o día seguinte á formalización do mesmo en documento administrativo.

O contrato comprende dous períodos: do 01 de xuño de 2016 ao 1 de xuño de 2017 e do 1 de xuño de 2017 ao 1 de xuño de 2018. Non obstante o anterior, a data de comezo do contrato poderá atrasarse se como consecuencia da finalización da tramitación do expediente de adxudicación, non fose posible empezar a execución do contrato o 1 de xuño de 2016, así como pola data de emisión das preceptivas autorizacións e informes das administracións sectoriais, de ser o caso.

Poderá acordarse a súa prórroga, por mutuo acordo das partes antes da finalización do mesmo. Neste senso, a duración total das prórrogas no seu conxunto, no poderá ser superior ao período inicialmente contratado no senso sinalado no artigo 303 do TRLCSP, e deberá acordarse expresamente cunha antelación non inferior a 30 días naturais á data de vencemento de cada anualidade.

Asemade, se o adxudicatario non tivera intención de proceder á prórroga deberá comunicalo formalmente ao concello cunha antelación mínima de TRES (03) MESES, ao remate do prazo contractual, quedando obrigado, nesta situación, e na finalización da vixencia do contrato a continuar no exercicio da súa actividade durante o tempo imprescindible para asegurar a continuidade na prestación do servizo e se proceda, ben a realizar unha nova adxudicación, ben á xestión directa dos servizos obxecto do contrato.



DILIXENCIA: Para facer constar que o presente prego de cláusulas administrativas particulares foi aprobado por acordo da Xunta de goberno local adoptado na súa sesión ordinaria de data de 2016
Bueu, a de de 2016
A secretaria do concello

Nuria Lobato Del Río

III.- RÉXIME ECONÓMICO E FINANCIAMENTO DO CONTRATO

III.1.- Valor estimado.

O valor estimado do contrato ascende á cantidade de 52000 € de acordo co disposto no artigo 88-TRLCSPP o cal dispón que o valor estimado dos contratos vira determinado polo importe total sen incluír o Imposto sobre o Valor Engadido (IVE), e tendo en conta as eventuais prórrogas do contrato.

O orzamento máximo previsto para cada anualidade é o seguinte:

- Orzamento base de licitación (IVE excluído) 13.000,00 €
- Imposto sobre o Valor Engadido (IVE 21%) 2.730,00 €
- Prezo máximo (anual) do contrato 15.730,00 €

As proposicións económicas dos licitadores non poderán exceder do orzamento máximo, no que se inclúen todo tipo de impostos, taxas, e demais gastos aplicables.

III.2.- Sistema de determinación do prezo. En cumprimento dos arts. 302 do TRLCSPP e 197 do RGC o valor estimado determinouse a tanto alzado tendo en conta o custe do servizo en anos anteriores.

III.3.- Prezo do contrato e gastos a cargo do adxudicatario.- O prezo do contrato será o que resulte da adxudicación do mesmo e incluírá como partida independente o IVE que deba soportar o Concello. No prezo do contrato consideraranse incluídos os demais tributos, taxas e canons de calquera índole que sexan de aplicación, así como todos os gastos que se orixinen para o adxudicatario como consecuencia do cumprimento das obrigas contempladas no presente prego, nos PPT e as que resulten da súa oferta como son, a efectos meramente enunciativos, nin exhaustivos, nin excluíntes, os gastos financeiros, beneficios, seguros, transportes e desprazamentos, e honorarios do persoal ao seu cargo que realice os traballos.

Os gastos do anuncio de licitación, de ser o caso, serán asumidos polo adxudicatario e deberá xustificarse o seu aboamento nos termos sinalados na cláusula XI.4.2.c) do presente prego.

III.4.- Dispoñibilidade orzamentaria. A aplicación orzamentaria das obrigas económicas que se derivan do cumprimento do contrato é 172.22706

Sendo o gasto de carácter plurianual, de conformidade co art. 174 do Real decreto legislativo 2/2004, de 05/05, polo que se aproba o Texto refundido da lei reguladora das facendas locais (TRLFL) e o 79 e seguintes do Real decreto 500/90, a realización do gasto para os exercicios futuros (2017, 2018 e 2019), estará subordinada e condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente nos exercicios correspondentes para financiar as obrigas derivadas do contrato de conformidade co art. 110 del TRLCSPP.

Neste senso, o concello comprométese a consignar nos exercicios correspondentes o crédito necesario para facer fronte ao gasto que derive da celebración do contrato que



DILIXENCIA: Para facer constar que o presente prego de cláusulas administrativas particulares foi aprobado por acordo da Xunta de goberno local adoptado na súa sesión ordinaria de data de 2016
Bueu, a de de 2016
A secretaria do concello

Nuria Lobato Del Río

correspondan cada ano, coas limitacións que se determinen nas normas orzamentarias aplicables ao respecto, en cada momento, ás Entidades Locais.

III.5.- Financiamento do contrato. A prestación obxecto da contratación financiarase con cargo aos recursos propios da facenda municipal.

IV.- REVISIÓN DE PREZOS

De acordo co establecido no artigo 89 do TRLCSP, o presente contrato non poderá ser obxecto de revisión de prezos.

V.- GARANTÍAS

V.1 Garantía provisional.- De conformidade co previsto no artigo 103.1 TRLCSP, para optar á esta licitación non se esixe a constitución de garantía provisional.

V.2. Garantía definitiva.- O órgano de contratación requirirá ao licitador que presentara a oferta economicamente máis vantaxosa para que dentro do prazo de 10 días hábiles, a contar dende o seguinte a aquel no que tivera recibido o requirimento, constitúa garantía definitiva polo importe equivalente ao 5% do prezo de adxudicación, de acordo co artigo 151.2TRLCSP. De non cumprirse adecuadamente o requirimento no prazo sinalado, entenderase que o licitador retira a súa oferta.

A citada garantía poderá constituírse mediante retención do prezo e en calquera das formas admitidas no artigo 96-TRLCSP e nos artigos 55, 56, 57 e 58 do RXLCAP. Cando a garantía se constituía mediante retención do prezo, a garantía definitiva será repercutida ao contratista, previa autorización expresa, deducíndose o seu importe dos primeiros abonos aos que teña dereito ata completar o importe equivalente ao 5% do prezo de adxudicación, de acordo co artigo 151.2TRLCSP.

Cando como consecuencia da modificación do contrato, experimente variación o prezo do mesmo, reaxustaráse a garantía no prazo de 15 días naturais, contados dende a data na que sexa notificado ao adxudicatario o acordo de modificación, a efectos de que garde a debida proporción co novo prezo do contrato resultante da modificación, incorrendo, en caso contrario, en causa de resolución contractual.

VI. - CONSULTA DO EXPEDIENTE E PERFIL DO CONTRATANTE

O expediente contractual é público e, xa que logo, os PCAP, PPT e os restantes documentos administrativos que del forman parte, regulan o mesmo, poderán ser examinados do xeito indicado na presente cláusula.

O PCAP, así como os PPT, xunto cos demais documentos que integran o expediente, estarán de manifesto na Secretaría Xeral do Concello de Bueu, ata o momento en que finalice o prazo de presentación de proposicións, de luns a venres en horario de 9:00 a 14:00 horas.



CONCELLO DE BUEU

DEPARTAMENTO SECRETARÍA-Servizo de contratación

RÚA DE EDUARDO VINCENTI, 8. 36930 - BUEU (PONTEVEDRA)
SECRETARIA@CONCELLODEBUEU.ORG / TLF. 986 390 029 / FAX 986 322 099
CIF: P3600400 J. Rex. E.111

Rf. PCAP/S/C4-16

Page 9 of 40

DILIXENCIA: Para facer constar que o presente prego de cláusulas administrativas particulares foi aprobado por acordo da Xunta de goberno local adoptado na súa sesión ordinaria de data de 2016
Bueu, a de de 2016
A secretaria do concello

Nuria Lobato Del Río

A licitación publicarase no Perfil do Contratante. No Perfil do Contratante do órgano de contratación, publicarase os PCAP, PPT, así como a adxudicación do contrato e calquera outro dato e información referente a súa actividade contractual, de acordo co establecido no artigo 53 do TRLCSP.

O acceso público ao Perfil do Contratante efectuarase a través do portal da web municipal (www.concellodebueu.org).

Para a obtención de información que poidera solicitarse polos interesados estarase ao seguinte:

- Que só será obrigatoria para a administración municipal a remisión de aqueles documentos que non se atopen publicados no perfil de contratante municipal.
- Que só será obrigatoria para a administración municipal a remisión daquela documentación ou información que sexa precisa, ou convinte, para a formulación das ofertas.

A obtención de copias implicará o abono da tasa establecida na correspondente ordenanza fiscal.

En materia de aclaración do contido do presente prego (PCAP) e o de prescricións técnicas (PPT) e, no seu caso, demais documentación complementaria, todos os interesados poderán dirixir a súas dúbidas e consultas que estimen convenientes mediante correo electrónico dirixido á dirección contratacion@concellodebueu.org ou a secretaria@concellodebueu.org, cunha antelación mínima de 48 horas ao remate do prazo de presentación de solicitudes de participación. **O concello publicará no taboleiro de anuncios da casa consistorial e no seu perfil do contratante as consultas e respostas coa salvagarda da identidade da persoa física ou xurídica que a formule.**

VII. CAPACIDADE PARA CONTRATAR

Poderán concorrer, por si ou por medio de representantes, as persoas naturais ou xurídicas, españolas ou estranxeiras, que tendo plena capacidade de obrar non estean comprendidas nalgunha das circunstancias que enumera o artigo 60 do TRLCSP, e acrediten a súa solvencia económica, financeira e técnica ou estean debidamente clasificadas nos supostos a que se refire a cláusula seguinte nos termos establecidos no art. 74 e seguintes do TRLCSP.

Así mesmo, os empresarios deberán contar coa habilitación empresarial ou profesional que, no seu caso, sexa esixible para a realización da actividade ou prestación que constitúa o obxecto do contrato. As persoas xurídicas só poderán ser adxudicatarias de contratos cuxas prestacións estean comprendidas dentro dos fins, obxecto ou ámbito de actividade que, a tenor dos seus propios estatutos ou regras fundacionais, lles sexan propios.



DILIXENCIA: Para facer constar que o presente prego de cláusulas administrativas particulares foi aprobado por acordo da Xunta de goberno local adoptado na súa sesión ordinaria de data de 2016
Bueu, a de de 2016
A secretaria do concello

Nuria Lobato Del Río

Para as empresas non comunitarias, comunitarias e unións de empresarios, estarase ao disposto nos artigos 55, 57 e 59 do TRLCSP, respectivamente.

No poderán concorrer ás licitacións empresas que houberan participado na elaboración das especificacións técnicas ou dos documentos preparatorios do contrato, por se ou mediante unión temporal de empresarios, sempre que a devandita participación poda provocar restricións á libre concorrència ou supor un trato privilexiado con respecto ás restantes empresas licitadoras.

VIII. UNIÓN TEMPORAIS DE EMPRESAS

A Administración municipal poderá contratar con unións de empresarios que se constitúan temporalmente para o efecto, de conformidade co establecido no artigo 59 do TRLCSP.

Para estes efectos cada unha das empresas que a compoñen deberán indicar nomes e circunstancias dos que a constitúan e a participación de cada un, así como que asumen o compromiso de constituírse formalmente en unión temporal en caso de resultar adxudicatarios do contrato. Así mesmo deberán presentar cada unha delas a documentación esixida no reverso da declaración responsable e acreditar a súa capacidade e solvencia nos termos do presente prego, acumulándose para os efectos da determinación da solvencia da unión temporal as características acreditadas para cada un dos seus integrantes.

No suposto de resultar adxudicataria, as unións temporais deberá formalizar esta, en escritura pública, así como presentar o CIF de unións temporais, todo iso dentro do prazo de quince días seguintes ao da data en que reciba a notificación de adxudicación, e a súa duración será coincidente coa do contrato ata a súa extinción.

Os empresarios que concorran agrupados en unións temporais quedarán obrigados solidariamente diante da administración municipal.

IX.- REQUISITOS MÍNIMOS DE SOLVENCIA

Os requisitos mínimos de solvencia que debe reunir o empresario e a documentación requirida para acreditar estes, vinculados ao obxecto do contrato de servizo e proporcionais a este, definidos por aplicación do art. 62.2 do TRLCSP e no RGC, na derradeira modificación introducida polo Real decreto 773/2015, son os seguintes:

IX.1. Solvencia económica e financeira: O medio de acreditación serán os previstos no artigo 75.1 b) do TRLCSP coas formalidades previstas no art. 11 do RGC na modificación operada polo artigo único do RD 773/2015, do seguinte xeito:

- Seguro de indemnización por riscos profesionais.

Medio de acreditación: O establecido no art. 75.1.a) do TRLCSP “Seguro de indemnización por riscos profesionais”



DILIXENCIA: Para facer constar que o presente prego de cláusulas administrativas particulares foi aprobado por acordo da Xunta de goberno local adoptado na súa sesión ordinaria de data de 2016
Bueu, a de de 2016
A secretaria do concello

Nuria Lobato Del Río

Criterio de solvencia e documentación xustificativa: Ter subscrito e en vigor un seguro de responsabilidade civil profesional u outra garantía equivalente que cubra os danos que poidan provocar na prestación do servizo nos termos establecidos na orde de 16.04.1998 sobre normas de procedemento e desenvolvemento do Real decreto 1942/1993.

O seguro ou garantía equivalente deberá estar vixente ata o fin do prazo de presentación de ofertas, polo importe non inferior ao valor estimado do contrato, así como aportar o compromiso do seu renovación ou prórroga que garanta o mantemento da súa cobertura durante toda a execución do contrato. Este requisito entenderase cumprido polo licitador ou candidato que inclúa coa súa oferta un compromiso vinculante de subscrición, en caso de resultar adxudicatario, do seguro esixido, compromiso que deberá facer efectivo dentro do prazo de dez días hábiles ao que se refire o apartado 2 do artigo 151 do TRLCSP.

A acreditación deste requisito efectuarase por medio de certificado expedido polo asegurador, no que consten os importes e riscos asegurados e a data de vencemento do seguro, e mediante o documento de compromiso vinculante de subscrición, prórroga ou renovación do seguro, nos casos nos que proceda.

IX.2. Solvencia técnica ou profesional. Os medios de acreditación serán os previstos no artigo 78.1, a) e d), do TRLCSP do seguinte xeito:

A.- Servizos análogos

Medio de acreditación: O establecido no art. 78.1.a) do TRLCSP “Unha relación dos principais servizos ou traballos realizados nos últimos cinco anos que inclúa importe, datas e o destinatario, público ou privado, destes. (...)”

Criterio de solvencia: En dita relación, deberá figurar alomenos, a prestación do servizo obxecto do contrato, cunha duración total non inferior a dous anos, na que alomenos, un ano de execución se atope entre os derradeiros cinco anos.

Documentación xustificativa: Os servizos ou traballos efectuados acreditaranse mediante certificados expedidos ou visados polo órgano competente, cando o destinatario sexa unha entidade do sector público; cando o destinatario sexa un suxeito privado, mediante un certificado expedido por este ou, a falta deste certificado, mediante unha declaración do empresario; se é o caso, estes certificados serán comunicados directamente ao órgano de contratación pola autoridade competente.

B.- Medios personais, materiais e técnicos

Medio de acreditación: O establecido no art. 78.1. b), e) e h) do TRLCSP “indicación do persoal técnico ou das unidades técnicas, integradas ou non na empresa, participantes no contrato, titulacións académicas e profesionais do empresario e do persoal directivo da empresa e, en particular, do persoal



DILIXENCIA: Para facer constar que o presente prego de cláusulas administrativas particulares foi aprobado por acordo da Xunta de goberno local adoptado na súa sesión ordinaria de data de 2016
Bueu, a de de 2016
A secretaria do concello

Nuria Lobato Del Río

responsable da execución do contrato, declaración indicando a maquinaria, material e equipo técnico do que se disporá para a execución dos traballos ou prestacións, á que adxuntarase a documentación acreditativa pertinente (...)"

Documentación xustificativa: Os medios personais, materiais e técnicos que sexan adscritos á execución do contrato deberán acreditarse mediante a presentación dunha declaración asinada polo licitador que conteña de forma detallada a información sinalada anteriormente (identidade do persoal participante no contrato, titulacións académicas e profesionais , relación de medios, materiais, maquinaria e equipo vinculado á execución do contrato)

Para acreditar a solvencia esixida para a celebración deste contrato, o empresario poderá basearse na solvencia e medios doutras entidades, independentemente da natureza xurídica dos vínculos que teña con elas sempre e cando xustifique que para a execución de mesmo, dispoñe dos referidos medios, debendo nestes casos achegar certificado emitido polo órgano de dirección da empresa que preste a citada solvencia, acreditativo de tal circunstancia. So poderá completarse mediante este mecanismo a solvencia técnica ou profesional. En todo caso so se poderá prestar solvencia a un licitador (artigo 63-TRLCSP).

X. PROPOSICIÓNS

X.1. Lugar e prazo de presentación

As proposicións para poder tomar parte no procedemento aberto presentaranse no Rexistro Xeral do concello sito na planta baixa da Casa Consistorial, dentro do prazo de **QUINCE (15) DÍAS NATURAIS contados a partir do día seguinte ao da publicación do anuncio do contrato no B.O.P., sen prexuízo da publicación do correspondente anuncio no perfil do contratante** nos termos esixidos no art. 142 do TRLCSP e no taboleiro de anuncios da casa consistorial, en horas de oito a catorce, de luns a venres, e de nove trinta a trece horas, os sábados.

A presentación de proposicións poderá realizarse ben persoalmente ou ben mediante envío por mensaxería entregado no lugar e prazo sinalado anteriormente.
Tamén poderá realizarse mediante envío por correo.

Cando as proposicións se envíen por correo, o empresario deberá xustificar a data de imposición do envío nas Oficinas de Correos e anunciará a remisión da súa oferta ao órgano de contratación, no mesmo día, mediante télex, fax ou telegrama remitido ao número do Departamento de secretaría (fax núm. 986 322 099). Sen a concorrencia de ámbolos dous requisitos non será admitida a proposición se é recibida polo órgano de contratación con posterioridade á data e hora da terminación do prazo sinalado na invitación.

Non poderán presentarse as proposicións por medio electrónicos, telemáticos ou informáticos, ao non dispor o concello de Bueu dun programa informático ao efecto.



CONCELLO DE BUEU

DEPARTAMENTO SECRETARÍA-Servizo de contratación

RÚA DE EDUARDO VINCENTI, 8. 36930 - BUEU (PONTEVEDRA)
SECRETARIA@CONCELLODEBUEU.ORG / TLF. 986 390 029 / FAX 986 322 099
CIF: P3600400 J. Rex. E.111

Rf. PCAP/S/C4-16

Page 13 of 40

DILIXENCIA: Para facer constar que o presente prego de cláusulas administrativas particulares foi aprobado por acordo da Xunta de goberno local adoptado na súa sesión ordinaria de data de 2016
Bueu, a de de 2016
A secretaria do concello

Nuria Lobato Del Río

Cada licitador non poderá presentar máis dunha proposición, nin subscribir ningunha proposta en unión temporal con outros se o fixo individualmente ou figurar en máis dunha unión temporal. A infracción destas normas dará lugar á non admisión de tódalas propostas por el subscritas.

A proposición quedará conformada pola documentación contida na cláusula X.2.1 e por UN (01) ÚNICO SOBRE PECHADO (A), "*Oferta económica*", relacionado na cláusula X.2.2. No sobre figurará externamente o NOME DO LICITADOR e, no seu caso, do REPRESENTANTE, DOMICILIO SOCIAL, TELÉFONO, CORREO ELECTRÓNICO e FAX, a efectos de comunicación, así como o TÍTULO DO SERVIZO "BALIZAMENTO DAS PRAIAS DO CONCELLO DE BUEU", e incluírá a documentación que se indica no apartado seguinte.

A presentación da proposición ou solicitude de participación supón a aceptación incondicionada polo empresario do contido da totalidade das cláusulas ou condicións deste prego, sen salvidade ou reserva algunha.

X.2. Documentación

X.2.1. Declaración responsable e Documento de aceptación de forma de comunicación/notificación

Estes documentos presentaranse de forma independente e fóra do sobre A no que se presentará a oferta económica que conformaran a proposición.

Conterá a seguinte documentación:

A) Declaración responsable.

A aportación da documentación esixible ao abeiro do disposto no apartado 1 do art. 146 do TRLCSP, na modificación operada pola lei 14/2013, de 27 de setembro, de apoio aos emprendedores e a súa internalización, relativa á acreditación da personalidade e representación do licitador, e da clasificación e/ou solvencia económico-financieira e técnica substituírase por unha declaración responsable segundo o modelo que figura como anexo II, sen prexuízo de que sexa esixible posteriormente a documentación acreditativa da capacidade e solvencia e que a mesa se refira a data anterior á de finalización do prazo para presentar proposicións.

B) Documento de aceptación de forma de comunicación/notificación:

Os licitadores presentarán o seguinte documento:

"D/Dª _____, DNI núm....., no seu propio nome (ou na representación da empresa _____, CIF), acepto expresamente que as comunicacións e notificacións que realice o Concello de Bueu, en relación coa contratación administrativa do **SERVIZO DE BALIZAMENTO DAS PRAIAS DO CONCELLO DE BUEU**", publicado no BOP núm.....de data....., se realicen mediante o seu envío ao fax núm. _____ E/OU ao correo electrónico _____



DILIXENCIA: Para facer constar que o presente prego de cláusulas administrativas particulares foi aprobado por acordo da Xunta de goberno local adoptado na súa sesión ordinaria de data de 2016
Bueu, a de de 2016
A secretaria do concello

Nuria Lobato Del Río

En _____, a _____ de _____ de 2016

Selo e sinatura do licitador,

X.2.2.- Sobre A: Subtitulado "Oferta económica".

Nel incluírase a oferta económica que conforma a proposición formulada polo licitador e será formulada estritamente, consonte ó modelo que figura no anexo IV deste prego, debidamente asinada e datada.

No suposto de existir na oferta erros aritméticos, materiais ou de feito resolverase do seguinte xeito:

- No caso de discordancia entre a cantidade consignada en cifras e a consignada en letra, prevalecerá esta última.
- Se os erros resultan nos cálculos do IVE do total ofertado, tomarse o valor da base imponible (importe inamovible) para calcular o importe total da oferta económica consignada na proposición do licitador

Non serán aceptadas aquelas proposicións que conteñan omisións, erros ou tachaduras que impidan coñecer claramente todo aquilo que a administración municipal estime fundamental para a súa oferta.

Se algunha proposición non gardase concordancia coa documentación examinada e admitida, excedera do presuposto base da licitación, variase substancialmente o modelo establecido, comportara erro manifesto no importe da proposición ou existira recoñecemento por parte do licitador de que adoece de erro ou inconsistencia que a faga inviable será rexeitada a súa valoración pola Mesa de contratación, sen que sexa causa bastante para o rexeitamento da valoración da proposición formulada o cambio ou omisión dalgunhas palabras do modelo se iso non altera o seu sentido.

X.2.3.- Documentos orixinais e lingua

Os documentos que se acompañen ás proposicións deberán vir redactados en lingua castelán ou galego e haberán de ser orixinais. Non obstante, admitiranse fotocopias dilixenciadas polo secretario ou funcionario en quen delegue, nas que se faga constar que foron cotexadas cos seus orixinais. A documentación redactada noutra lingua deberá acompañarse da correspondente tradución oficial ao galego ou castelán, en senso contrario, nos será tida en conta.

XI. ADXUDICACIÓN DO CONTRATO

XI.1. Criterio de adxudicación: único criterio (prezo)

O único criterio a considerar será o do prezo, nos termos previstos no art. 150.1 do TRLCSP, entendéndose que a oferta economicamente máis vantaxosa é a que incorpore o prezo máis baixo no seu conxunto, salvo que se considere que a proposición inclúa valores anormais ou desproporcionados, para cuxa determinación a Mesa poderá solicitar os informes técnicos que considere oportunos.



DILIXENCIA: Para facer constar que o presente prego de cláusulas administrativas particulares foi aprobado por acordo da Xunta de goberno local adoptado na súa sesión ordinaria de data de 2016
Bueu, a de de 2016
A secretaria do concello

Nuria Lobato Del Río

De conformidade co previsto no artigo 85 del RGLCAP, consideraranse, en principio, desproporcionadas ou temerarias as ofertas que se atopen nos seguintes supostos:

1. Cando, concorrendo un so licitador, sexa inferior ao presuposto base de licitación en máis de 25 unidades porcentuais.
2. Cando concorran dous licitadores, a que sexa inferior en máis de 20 unidades porcentuais á outra oferta.
3. Cando concorran tres licitadores, as que sexan inferiores en máis de 10 unidades porcentuais á media aritmética das ofertas presentadas. Sen embargo, excluírase para o cómputo de dita media a oferta de contía máis elevada cando sexa superior en máis de 10 unidades porcentuais a dita media. En calquera caso, considerárase desproporcionada a baixa superior a 25 unidades porcentuais.
4. Cando concorran catro ou máis licitadores, as que sexan inferiores en máis de 10 unidades porcentuais á media aritmética das ofertas presentadas. Nembargante, se entre elas existen ofertas que sexan superiores a dita media en máis de 10 unidades porcentuais, procederáse ó cálculo dunha nova media so coas ofertas que no se atopen no suposto indicado. En todo caso, se o número das restantes ofertas é inferior a tres, a nova media calcularáse sobre as tres ofertas de menor contía.

A valoración das proposicións formuladas por distintas empresas pertencentes a un mesmo grupo ós efectos do disposto no artigo 152 del TRLCSP, levaráse a cabo de conformidade co establecido no artigo 86 del RGLCAP.

Cando se presuma fundadamente que a proposición non poida ser cumprida como consecuencia da inclusión na mesma de valores anormais ou desproporcionados, estarase ao que dispón o artigo 152 do TRLCSP en relación con el artigo 22.1.f) del Real Decreto 817/2009, de 8 de maio, no que concerne á tramitación das proposicións, requiríndose para a declaración en tal sentido a previa audiencia ó licitador que a haxa presentado para que xustifique a valoración da oferta e precise as condicións da mesma, así como o asesoramento técnico do servizo correspondente, propoñendo a Mesa ao órgano de contratación a súa aceptación ou rexeitamento.

No suposto de que existan dous ou máis ofertas iguais que resulten ser as máis vantaxosas a proposta de adxudicación decidírase entre estas mediante sorteo que efectuará a Mesa de Contratación en sesión pública.

XI.2. Normas xerais

Se algunha proposición non gardase concordancia coa documentación examinada e admitida, excedese do orzamento base de licitación, variase substancialmente o modelo establecido, ou comportase erro manifesto no importe da proposición, ou existise recoñecemento por parte do licitador de que adoece de erro ou inconsistencia que a fagan inviable, será desestimada polo órgano de contratación, en resolución motivada.

A presentación da oferta vincula ao contratista coa administración municipal de tal modo que a renuncia á adxudicación do contrato ou á prestación do servizo, realizada en calquera fase de tramitación do expediente (a maneira de exemplo: durante o prazo de presentación de ofertas; antes ou despois de: a) a apertura de plicas, b) adxudicación do



DILIXENCIA: Para facer constar que o presente prego de cláusulas administrativas particulares foi aprobado por acordo da Xunta de goberno local adoptado na súa sesión ordinaria de data de 2016
Bueu, a de de 2016
A secretaria do concello

Nuria Lobato Del Río

contrato, d) antes da formalización do contrato, etc.) faculta ao Concello para que proceda á incautación da garantía, no seu caso, sen prexuízo da esixencia de indemnización polos danos e perdas causados á administración contratante e demais consecuencias previstas en TRLCSP. A este efectos, tendo en conta que os contratistas están dispensados de constituír a garantía provisional, a Corporación poderá esixir o dito importe mediante o procedemento de constrinximento, así como para a indemnización por danos e perdas.

XI.3. Apertura e exame das proposicións. Valoración de ofertas e proposta de adxudicación

A mesa de contratación constituirase ás 10 horas do quinto día hábil seguinte ao do remate de presentación de proposicións (agás sábados), podendo atrasarse ata o décimo día hábil no caso de que non figuren a totalidade das presentadas no servizo de contratación do departamento de secretaría do concello de Bueu, o cal se anunciará oportunamente no perfil do contratante con 24 horas de antelación como mínimo.

Unha vez verificadas as declaracións responsables presentadas procederase á apertura pública do sobre que contén a oferta económica (sobre A) comprobando que o seu importe non supera o importe do orzamento de licitación sinalado como máximo en el presente PCAP. No caso de que a oferta supere o importe do orzamento de licitación se propondrá a súa exclusión do presente procedemento. Asemade se algunha proposición non se axustará ás especificacións técnicas requiridas no seu caso, que resulten dos requisitos mínimos sinalados nos presentes pregos e nos PPT, se propondrá a súa exclusión do presente procedemento.

Ao tratarse dun procedemento cun único criterio de valoración, valorarase o prezo ofertado de xeito que o prezo máis baixo obteña a máxima puntuación, e o resto de ofertas a que lle corresponda proporcionalmente mediante a aplicación dunha regra de tres simple inversa.

A devandita apertura do sobre A que contendrá a oferta económica realizarase en acto público, previa convocatoria da mesa de contratación.

A Mesa, á vista das proposicións e demais circunstancias que haxan de terse en conta e en atención aos informes técnicos e asesoramentos que estime oportuno solicitar, valorará as distintas proposicións presentadas. Unha vez valoradas as ofertas, a Mesa de contratación remitirá ao Órgano de contratación, xunto coa correspondente acta da sesión, a correspondente proposta de adxudicación, na que figurarán ordenadas as ofertas de forma decrecente incluíndo a puntuación outorgada a cada unha delas por aplicación dos criterios indicados nos presentes pregos e identificando a economicamente mais vantaxosa.

Caso de empate, resolverase a licitación a favor da empresa que acredite ter a maior porcentaxe de persoal laboral fixo con discapacidade no seu cadro de persoal, sempre e canto a devandita porcentaxe sexa superior ao 2%. Neste suposto a porcentaxe de traballadores fixos discapacitados deberá manterse durante o tempo que dure a



DILIXENCIA: Para facer constar que o presente prego de cláusulas administrativas particulares foi aprobado por acordo da Xunta de goberno local adoptado na súa sesión ordinaria de data de 2016
Bueu, a de de 2016
A secretaria do concello

Nuria Lobato Del Río

execución do contrato, ou se é o caso, durante o prazo de garantía, se a execución non se realizase en tracto sucesivo. O incumprimento de tal condición será causa de resolución do contrato. De persistir o empate, resolverase por sorteo entre os licitadores empatados.

A mesa de contratación realizará a proposta de adxudicación ao órgano de contratación no prazo máximo de dous meses dende a apertura das ofertas agás que se dea a circunstancia prevista no artigo 152.3 do TRLCSP, caso no que poderá ampliarse en 15 días hábiles.

XI.4 Clasificación de ofertas. Presentación de documentación e adxudicación do contrato

O órgano de contratación, á vista da proposta de adxudicación formulada pola Mesa, clasificará por orden decrecente as proposicións presentadas que no teñan sido consideradas desproporcionadas ou anormais, e requirirá ao licitador que teña presentado a oferta economicamente máis vantaxosa para que, no prazo de dez días hábiles, a contar dende o seguinte a aquel no que houbera recibido o requirimento, presente a seguinte documentación:

XI.4.1 DOCUMENTACIÓN ACREDITATIVA DO CUMPRIMENTO DOS REQUISITOS PREVIOS:

De conformidade co disposto no artigo 146-TRLCSP (modificado pola Lei 14/2003, do 27 de setembro de apoio ao emprendedor) deberá presentar:

A documentación acreditativa da **capacidade xurídica e de obrar, da representación, no seu caso, así como da solvencia económico-financieira e técnica** relacionada no anverso do modelo de declaración xurada que figura como anexo II ao presente prego en base aos requisitos mínimos de solvencia regulados na cláusula IX dos presentes pregos e no cadro resume do contrato do anexo I destes pregos.

XI.4.2 DOCUMENTACIÓN NECESARIA PARA A ADXUDICACIÓN DO CONTRATO:

De conformidade co disposto no artigo 151.2-TRLCSP deberá presentar:

a) A documentación xustificativa de que se atopa ó corrente no cumprimento das súas **obrigas tributarias e coa Seguridade Social** ou autorice ó órgano de contratación para obter de forma directa a acreditación delo.

Tal acreditación realizarase de acordo co seguinte (arts. 13 e seguintes do RGC):

- Obrigas tributarias:

1.- Orixinal ou copia compulsada da alta no imposto sobre Actividades Económicas no epígrafe correspondente ó obxecto do contrato, sempre que exerza actividades suxeitas a dito imposto, en relación coas que veña realizando á data de presentación da súa proposición, referida ó exercicio corrente, ou o último recibo, completado cunha declaración responsable de non terse dado de baixa na matrícula do citado imposto.

Os suxeitos pasivos que estean exentos do imposto deberán presentar declaración responsable indicando a causa de exención. No suposto de atoparse nunha das exencións establecidas no artigo 82.1 apartados b), e) e f) do RD



DILIXENCIA: Para facer constar que o presente prego de cláusulas administrativas particulares foi aprobado por acordo da Xunta de goberno local adoptado na súa sesión ordinaria de data de 2016
Bueu, a de de 2016
A secretaria do concello

Nuria Lobato Del Río

Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, deberán presentar asemade resolución expresa da concesión da exención da Axencia Estatal de Administración Tributaria.

As unións temporais de empresarios deberán acreditar, unha vez formalizada a súa constitución, a alta no imposto, sen prexuízo da tributación que corresponda ás empresas integrantes da mesma.

2.- Certificación positiva expedida pola Axencia Estatal da Administración tributaria, na que se conteña xenericamente o cumprimento dos requisitos establecidos no artigo 13 do RGC.

3.- Ademais, o licitador non deberá ter débedas de natureza tributaria en período executivo de pago co Concello de Bueu. Neste senso, a administración municipal, DE OFICIO, comprobará mediante os datos obrantes na Tesourería o cumprimento de dita obriga.

- Seguridade Social:

Certificación positiva expedida pola Tesourería da Seguridade Social, na que se conteña xenericamente o cumprimento dos requisitos establecidos no artigo 14 do RD 1098/2001.

b) A documentación xustificativa de ter constituído a **garantía definitiva** que sexa procedente.

c) A documentación xustificativa de ter **aboadado tódolos anuncios de licitación**.

d) Xustificante de ter subscrita unha **póliza de seguro de responsabilidade civil** que cubra os seguintes riscos: Danos materiais que a execución do servizo puidera ocasionar ao Concello de Bueu, e danos causados a terceiros, tanto materiais como corporais, entendéndose por tales tódolos usuarios do Concello de Bueu, incluídos os traballadores pertencentes á plantilla do mesmo cun sublímite mínimo, por vítima, de 150000 euros. Neste senso, deberá aportarse orixinal ou copia autenticada da póliza e xustificación do pagamento da correspondente cota ou certificación de apoderado debidamente acreditado da compañía de seguros que especifique a súa vixencia.

Os licitadores enumerarán, de forma expresa e clara, aqueles documentos que consideren que, polo seu contido, deben ser reservados por razóns dos intereses comerciais ou de salvagarda da competencia. De non conter ningunha especificación entenderase que o licitador considera que ningún dos documentos presentados merece aquela reserva polo seu contido.

De acordo co previsto no art. 22 do Rd 1098/2001, poderá solicitarse do empresario aclaracións sobre os certificados ou documentos presentados para xustificación da súa capacidade, solvencia técnica e económica e ausencia de prohibicións para contratar, ou mesmo lle pedir a presentación doutros complementarios. Tales requirimentos deberán de cumprirse nun prazo máximo de 5 días naturais.

Por outra parte, se se observasen defectos ou omisións subsanables na documentación presentada comunicárase á empresa concedéndolle un prazo de tres días hábiles para



DILIXENCIA: Para facer constar que o presente prego de cláusulas administrativas particulares foi aprobado por acordo da Xunta de goberno local adoptado na súa sesión ordinaria de data de 2016
Bueu, a de de 2016
A secretaria do concello

Nuria Lobato Del Río

emenda. No suposto de non cumprimentarse adecuadamente o requirimento no prazo sinalado, entenderase que o licitador retira a súa oferta, procedéndose a recadar a mesma documentación ao licitador seguinte, pola orde na que houberan quedado clasificadas as ofertas.

O órgano de contratación adxudicará o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. Na adxudicación concretarase os termos definitivos do contrato. Non poderá declararse deserta unha licitación cando exista algunha oferta ou proposición que sexa admisible de acordo co criterios que figuren no prego. A adxudicación será motivada, notificarase aos candidatos ou licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil do contratante. A notificación conterá a información necesaria que permita, de ser o caso, ao licitador excluído ou candidato descartado interpor o recurso correspondente, e, en particular, expresará os seguintes extremos:

- En relación cos candidatos descartados, a exposición resumida das razóns polas que desestimouse a súa candidatura.
- Con respecto aos licitadores excluídos do procedemento de adxudicación, as razóns polas que non se houbera admitido a súa oferta.
- En todo caso, o nome do adxudicatario, as características e ventaxas da proposición do adxudicatario determinantes da súa elección preferente aos do resto de licitadores admitidos.

En todo caso, na notificación e no perfil do contratante, indicarse o prazo en que debe procederse a súa formalización consonte ao artigo 156.3 do TRLCSP. A notificación practicarase por calquera dos medios que permiten deixar constancia da súa recepción polo destinatario. En particular, poderá efectuarse por correo electrónico á dirección que os licitadores ou candidatos determinasen ao presentar as súas proposicións, nos termos establecidos no [artigo 28 da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos](#). Sen embargo, o prazo para considerar rexeitada a notificación, cos efectos previstos no artigo 59.4 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, será de cinco días. O prazo máximo para efectuar a adxudicación será de dun mes a contar dende a apertura das proposicións.

XII. MESA DE CONTRATACIÓN

O órgano de contratación estará asistido por unha Mesa de Contratación que será o órgano competente para efectuar a valoración das ofertas e actuará conforme ao previsto no Real Decreto 817/2009, desenrolando as funcións previstas no mesmo.

A Mesa de Contratación estará constituída polos seguintes membros:

- O Sr. Alcalde-Presidente
- O Sr. Concelleiro delegado de praias.
- O Interventor do Concello.
- A Secretaria do Concello.
- O arquitecto técnico municipal



DILIXENCIA: Para facer constar que o presente prego de cláusulas administrativas particulares foi aprobado por acordo da Xunta de goberno local adoptado na súa sesión ordinaria de data de 2016
Bueu, a de de 2016
A secretaria do concello

Nuria Lobato Del Río

Actuando como secretaria da Mesa de Contratación, a Xefa do Negociado de Secretaría do Concello. O secretario terá voz pero non voto.

A Mesa poderá constituírse validamente coa asistencia, polo menos, do seu Presidente e Secretario, e da metade dos seus membros, entre os que deberán estar, necesariamente, os vogais en funcións de Asesoría Xurídica e Intervención. No curso das súas funcións poderá pedir os informes e asesoramentos que considere convenientes.

De conformidade co sinalado no art. 24.1 da Lei 30/1992, os membros do órgano sinalado non poderán absterse nas súas votacións.

A composición nominal dos membros da mesa de contratación deberá de publicarse no perfil do contratante, cunha antelación mínima de 07 días con respecto á reunión que deba celebrar para a cualificación da documentación xeral a que fai referencia o art.º 146.1 do TRLCSP.

XIII. FORMALIZACIÓN DO CONTRATO. PRAZO DE FORMALIZACIÓN E PUBLICIDADE DA FORMALIZACIÓN

O contrato que resulte deberá ser formalizado en documento administrativo que se axuste con exactitude ás condicións da licitación, constituíndo dito documento título suficiente para acceder a calquera rexistro público. Non obstante, o contratista poderá solicitar que o contrato sexa elevado a escritura pública, correndo do seu cargo os correspondentes gastos.

En ningún caso poderanse incluír no documento en que se formalice o contrato cláusulas que impliquen alteración dos termos da adxudicación.

Cando por causas imputables ao adxudicatario non se houbera formalizado o contrato no prazo indicado, a Administración poderá acordar a incautación sobre a garantía definitiva do importe da garantía provisional que, en su caso hubiese exigido. Se as causas da non formalización foran imputables á Administración, indemnizarase ao contratista dos danos e perxuízos que a demora lle poideran ocasionar

Non poderá iniciarse a execución do contrato sen a súa previa formalización.

A formalización do contrato deberá efectuarse no prazo máximo de quince (15) días hábiles contados dende o seguinte ao da recepción polo adxudicatario da notificación da adxudicación.

Da formalización do contrato darase a publicidade esixida no artigo 154 do TRLCSP.

XIV.- SUCESIÓN NA PERSOA DO CONTRATISTA

De conformidade con artigo 85 do TRLCSP, nos casos de fusión, escisión, aportación ou transmisión de empresas ou ramas de actividade das mesmas, continuará o contrato coa entidade absorbente ou resultante, quedando subrogada en tódolos dereitos e obrigas derivadas do mesmo, sempre que teña a solvencia esixida ao acordarse a adxudicación ou que as sociedades participantes nas ditas operacións responsabilícese



CONCELLO DE BUEU

DEPARTAMENTO SECRETARÍA-Servizo de contratación

RÚA DE EDUARDO VINCENTI, 8. 36930 - BUEU (PONTEVEDRA)
SECRETARIA@CONCELLODEBUEU.ORG / TLF. 986 390 029 / FAX 986 322 099
CIF: P3600400 J. Rex. E.111

Rf. PCAP/S/C4-16

Page 21 of 40

DILIXENCIA: Para facer constar que o presente prego de cláusulas administrativas particulares foi aprobado por acordo da Xunta de goberno local adoptado na súa sesión ordinaria de data de 2016
Bueu, a de de 2016
A secretaria do concello

Nuria Lobato Del Río

solidariamente da execución do contrato. En caso contrario, resolverase o contrato considerándose a tódolos efectos como un suposto de resolución por culpa do adxudicatario.

XV.- MODIFICACIÓN DO CONTRATO

Unha vez perfeccionado o contrato poderase introducir as modificacións correspondentes por altas e baixas dos bens e instalacións obxecto do contrato, no caso de que, mantendo a finalidade do mesmo, se necesiten ampliar ou reducir as prestacións contratadas, para o cal se establece a limitación do 20% do importe sen IVE do contrato, de acordo co previsto no art. 106 do TRLCSP.

O adxudicatario efectuará as compensacións que procedan a favor ou en contra do concello, ao obxecto de manter en todo momento o equilibrio inicial da contratación.

Serán obrigatorias para o contratista as modificacións do contrato que se acorden de conformidade co establecido no artigo 219 e nos artigos 105 e seguintes do TRLCSP.

De conformidade co artigo 105.2, a modificación do contrato non poderá realizarse co fin de engadir prestacións complementarias ás inicialmente contratadas, ampliar o obxecto do contrato a fin de que poda cumprir finalidades novas non contempladas na documentación preparatoria do mesmo, ou incorporar unha prestación susceptible de utilización ou aproveitamento independente. Nestes supostos, deberase proceder a unha nova contratación da prestación correspondente, na que poderá aplicarse o réxime establecido para a adxudicación de contratos complementarios se concorren as circunstancias previstas no artigo 174.b) do TRLCSP.

En canto as modificacións non previstas na documentación que rexe esta licitación estarase ao disposto ao artigo 107 do TRLCSP.

XVI.- RESPONSABLE DO CONTRATO

O responsable do contrato será o/a arquitecto técnico do concello quen supervisará a correcta execución do contrato e cursará ao contratista as ordes e instrucións do órgano de contratación de cara a asegurar a mesma.

Ao tempo, o/a concelleiro delegado especial de praias (resolución de alcaldía núm. 582/2015/BOP núm. 121 de 26.06.2015) ou aquel/a que, aínda tendo unha denominación distinta, teña atribuída a responsabilidade na xestión das praias, como destinatario do contrato, poderá ditar ordes e instrucións para a correcta prestación do servizo, nos termos que resultan da normativa de aplicación, dos PCAP, PPT e da oferta do contratista.

Ao responsable do contrato lle correspondera a supervisión da correcta execución do contrato e cursará ao contratista as ordes e instrucións do órgano de contratación de cara a asegurar a mesma.



DILIXENCIA: Para facer constar que o presente prego de cláusulas administrativas particulares foi aprobado por acordo da Xunta de goberno local adoptado na súa sesión ordinaria de data de 2016
Bueu, a de de 2016
A secretaria do concello

Nuria Lobato Del Río

No suposto de substitución do responsable do contrato lle será comunicado por escrito ao contratista nun prazo de dez días hábiles a data na que se houbera producido.

O responsable do contrato terá as facultades sinaladas no artigo 52 do TRLCSP, entre as que cabe sinalar, a modo meramente enunciativo e non limitativo, as seguintes funcións:

1. Tramitar cantas incidencias xurdan ao longo da execución do contrato.
2. Convocar cantas reunións considere necesarias para a correcta prestación dos servizos contratados e a súa supervisión á que estará obrigada a acudir o contratista.
3. Conformar as facturas correspondentes aos servizos realizados segundo as condicións establecidas nos presentes pregos e nos PPT.
4. Propor ás modificacións contractuais que considere necesarias e convenientes.
5. Dar as ordes oportunas para acadar os obxectivos do contrato.
6. Informar a proposta de substitución do persoal adscrito á execución do contrato que sexan presentadas polo contratista.
7. Informar sobre as prórrogas na duración do contrato previstas na cláusula II dos presentes pregos.
8. Exercerá funcións superiores de dirección e organización do servizo previstas na normativa vixente aplicable. Neste senso, o adxudicatario virá obrigado a desprazar ao Concello, nas horas que se sinale, a un responsable do servizo, quen informará dos traballos realizados e anomalías producidas e recibirá as instrucións pertinentes do director do servizo.
9. Poderán revisar diariamente os traballos que efectúe o adxudicatario, así como o seu persoal e o estado do material ou instalacións en todo momento.

XVII.- EXECUCIÓN DO CONTRATO

XVII.1.- Xestión do servizo (programa de traballo e estudo de seguridade e saúde) e interlocutor do contratista.

O adxudicatario deberá obter, no seu caso, as preceptivas autorizacións da capitánía marítima competente así como todos os restantes permisos e/ou licenzas que sexan necesarios para a prestación do servizo.

Asemade deberá elaborar o correspondente estudo de seguridade e saúde previsto na normativa vixente.

Con carácter previo á instalación dos sistemas de balizamento, o contratista deberá presentar no concello un programa de traballo co seguinte contido mínimo:

- Tipoloxía de balizamento a empregar co descrición dos materias a empregar e sistema de fondeo nos termos que resultan das PPT (cláusula III-"RELACIÓN DE MATERIAL NECESARIO PARA A EXECUCIÓN DOS BALIZAMENTOS NA TOTALIDADE DE PRAIAS OBXECTO DO CONTRATO")
- Descrición dos traballos de instalación, mantemento, retirada e limpeza.
- Cronograma dos traballos a realizar nas diferentes fases de balizamento. Deberá consignar as datas de inicio e remate da instalación da banda do litoral con indicación do persoal e medios materiais a empregar en cada unha das



DILIXENCIA: Para facer constar que o presente prego de cláusulas administrativas particulares foi aprobado por acordo da Xunta de goberno local adoptado na súa sesión ordinaria de data de 2016
Bueu, a de de 2016
A secretaria do concello

Nuria Lobato Del Río

parias e a orde de execución dos traballos, así como as datas de inicio e remate da instalación de canais con indicación do persoal e medios materiais a empregar en cada unha das parias e a orde de execución dos traballos.

- Relación detallada e nominal dos medios materiais e humanos para a execución do contrato (vehículos, embarcacións, persoal, etc).

Para a súa elaboración o contratista terá como base a documentación técnica incorporada ao expediente e que se recolle no anexo VI dos PCAP no que se determina a disposición dos tramos de banda litoral .

O programa de traballo deberá ser informado polos servizos técnicos do concello, co visto e prace do responsable do contrato, debendo ser aprobados polo órgano de contratación, modificándolos, de ser o caso, o contratista no que fóra necesario para adecuarse ás instrucións que ao respecto puidera dar o responsable do contrato.

A iniciación do servizo quedará subordinada á aprobación do programa de traballo.

Antes da instalación de balizamento deberá ter aprobada polos organismos competentes toda a documentación legalmente esixible en materia de seguridade e saúde, adoptando as medidas impostas polo plan de seguridade e saúde ao respecto, debendo designar unha persoa responsable por parte da empresa contratista das actuacións nesta materia que será o interlocutor válido co concello de Bueu.

XVII.2.- Risco e ventura do contratista

A execución do contrato realizarase a risco e ventura do contratista. O contratista será responsable da calidade técnica dos traballos que desenvolva e das prestacións e servizos realizados, así como das consecuencias que se deduzan para o Concello ou para terceiros das omisións, erros, métodos desaxeitados ou conclusións incorrectas na execución do contrato.

O contrato executarase con suxeición ó establecido nos presentes pregos e nos PPT, na normativa sectorial que sexa de aplicación (vid. cláusula I.1), ao consignado na súa proposición e as ordes que lle curse o responsable do contrato no seu caso, ou o competente para a vixilancia do contrato, para unha mellor realización dos traballos e de acordo coas instrucións que para a súa interpretación de ó contratista o órgano de contratación.

O contratista estará obrigado a comprobar os posibles servizos afectados que poidan interferir no transcurso dos traballos de instalación e retirada do sistema de balizamento empregado, debendo adoptar as precaucións necesarias, así como contactar, no seu caso, coas empresas subministradoras e organismos competentes para, entre outros, non interferir con ningún servizo, correndo o seu cargo calquera tipo de afección aos mesmos.



DILIXENCIA: Para facer constar que o presente prego de cláusulas administrativas particulares foi aprobado por acordo da Xunta de goberno local adoptado na súa sesión ordinaria de data de 2016
Bueu, a de de 2016
A secretaria do concello

Nuria Lobato Del Río

O adxudicatario responderá perante o Concello polo incumprimento ou demora no cumprimento das súas obrigas contractuais, e executará o servizo de acordo coa normativa sectorial de aplicación.

XVII.3.-Obrigas relativas á seguridade, saúde e hixiene no traballo e persoal adscrito á execución do contrato

O contratista está obrigado ao cumprimento das disposicións legais vixentes en materia laboral, de Seguridade Social e de Seguridade e Hixiene no traballo, debendo ter ao seu cargo o persoal necesario para a realización do obxecto do contrato, respecto do que ostentará a tódolos efectos, a condición de empresario e quedando a Administración municipal exonerada de responsabilidade polo seu incumprimento.

Todo o persoal ao servizo da empresa contratista estará sometido ás normas de control e seguridade establecidas en cada edificio e deberá ir debidamente identificado como persoal de dita empresa. Neste senso, o contratista quedará obrigado a entregar, no servizo de contratación do departamento de secretaría, no primeiro mes dende a formalización do contrato, a relación do persoal asignado ao cumprimento do contrato, identificandoo con seus nomes e apelidos, DNI, categoría profesional, data de alta na Seguridade Social e antigüidade na empresa, quedando obrigado a comunicar calquera variación ao respecto dentro da primeira quincena seguinte ao mes na que se produza cando non sexa posible a súa comunicación con anterioridade.

Ao longo da primeira quincena de cada mes, o contratista quedará obrigado a entregar no servizo de contratación do departamento de secretaría, copia simple dos TC-1 e TC-2 liquidados do mes anterior, correspondentes ao persoal destinado á execución do contrato.

Se considera obriga contractual esencial a adscripción de medios personais e materiais ofertada polo adxudicatario, polo que, en caso de incumprimento da mesma, será causa de resolución contractual

O contratista non poderá substituir ó persoal facultativo adscrito á realización dos traballos, sen a expresa autorización do órgano de contratación ou responsable do contrato, no caso de ser este último designado por aquel.

XVII.4.-Obrigas relativas aos secreto profesional.

O contratista comprométese a adoptar as medidas necesarias, tanto de carácter técnico como organizativo que garantan a seguridade dos datos que lles sexan facilitados ou aos que teñan acceso co fin de evitar a súa alteración, uso inadecuado, perda, tratamento e acceso non autorizado e a gardar sxiilo e segredo profesional aínda despois de rematar a relación co Concello de Bueu.

Neste senso, o contratista e, no seu caso, todo o persoal que teña relación directa ou indirecta coa prestación do servizo obxecto da contratación, deberán gardar secreto profesional sobre todas as informacións, documentos e demais asuntos aos que teñan



DILIXENCIA: Para facer constar que o presente prego de cláusulas administrativas particulares foi aprobado por acordo da Xunta de goberno local adoptado na súa sesión ordinaria de data de 2016
Bueu, a de de 2016
A secretaria do concello

Nuria Lobato Del Río

acceso ou coñezan ao longo da vixencia do contrato e, especificamente, non poderán dar información sobre as actividades realizadas a ningunha persoa e/ou entidade sen a autorización expresa do Responsable do contrato. Asemade non poderán facer público e/ou enaxenar cantos datos coñezan en execución deste contrato, incluso despois de finalizar o prazo contractual.

XVII.5- Obrigas relativas ao tratamento dos datos de carácter persoal.

O adxudicatario deberá cumprir co disposto no artigo 12 da lei orgánica 15/99, de 13 de decembro de protección de datos de carácter persoal e no real decreto 1720/2007 e, no seu caso, a formar e informar ao persoal que puidera vincular á prestación do servizo das obrigas que de tales normas dimanaran.

A documentación, que no seu caso, sexa entregada polo concello ou calquera outra administración e/ou particular para a prestación do servizo obxecto do contrato destinarase ao exclusivo fin das tarefas relativas á prestación do servizo obxecto do contrato, quedando totalmente prohibido para o adxudicatario a súa reprodución por calquera medio e a cesión total ou parcial a calquera persoa física ou xurídica.

Todos os datos e información manexada polo adxudicatario a causa do desenvolvemento da súa actividade, incluíndo os soportes empregados, xa sexa papel, fichas, magnéticos u ópticos, serán propiedade do concello de Bueu sen que o adxudicatario poida conservar copias ou utilizalos cunha finalidade diferente á que resulta da contratación.

Ao remate do contrato, a documentación que resulte da prestación do servizo obxecto do contrato quedarán en propiedade e baixo a custodia do concello de Bueu, arquivados pola entidade adxudicataria, completos e debidamente organizados.

No suposto de que o adxudicatario empregase algún equipo informático da súa propiedade para almacenar a información que resulta da prestación do servizo obxecto da contratación, ao remate da execución do contrato, deberá facilitar copia da mesma ao responsable do contrato no soporte que polo responsable do contrato lle sexa indicado, procedendo de seguido ao borrado de dita información do equipo que a contén, mediante o correspondente formateo do disco duro.

XVII.6-Obrigas relativas á subscrición de seguro de responsabilidade civil.

O contratista deberá ter subscritos os seguros obrigatorios, así como un seguro (RC) que cubra as responsabilidades que se deriven da execución do contrato nos termos sinalados na cláusula XI.4.2 d) dos presentes pregos e que resultan do principio de risco e ventura, previsto e regulado na presente cláusula dos PCAP, baixo o cal o contratista quedará obrigado á prestación do servizo.

XVII.7-Cesión e subcontratación do servizo.

Os dereitos e obrigacións dimanantes do contrato poderán ser cedidos a un terceiro sempre que se cumpran os requisitos establecidos no artigo 226 do TRLCSP e que as calidades técnicas ou persoais do cedente non foran razón determinante da



DILIXENCIA: Para facer constar que o presente prego de cláusulas administrativas particulares foi aprobado por acordo da Xunta de goberno local adoptado na súa sesión ordinaria de data de 2016
Bueu, a de de 2016
A secretaria do concello

Nuria Lobato Del Río

adxudicación do contrato e da cesión non resulte unha restricción efectiva da competencia no mercado. Non poderá autorizarse a cesión a un terceiro cando esta supoña unha alteración sustancial das características do contratista se estas constitúen un elemento esencial do contrato.

O contratista poderá concertar con terceiros a realización parcial da prestación, co cumprimento dos requisitos establecidos no art. 227 do TRLCSP.

XVIII.- EXECUCIÓN DEFECTUOSA E DEMORA. PENALIDADES

De conformidade co artigo 212 do TRLCSP que dispón que os pregos poderán prever penalidades para o caso de cumprimento defectuoso da prestación obxecto do mesmo ou para o suposto de incumprimento dos compromisos ou das condicións especiais de execución do contrato, establécense as seguintes penalidades:

a) Terán a consideración de **infraccións leves** aquelas que, pese ao incumprimento das cláusulas contractuais, non supoñan un prexuízo de gran entidade, conlevarán unha penalidade de ata 300€ e se tipifican como tales as seguintes:

- As que impliquen negligencia na prestación do servizo e non supoñan unha alteración grave para o seu funcionamento.
- A omisión do deber de comunicar as incidencias ou anomalías, non imputables ao contratista e que sexan detectados.

b) Terán a consideración de **infraccións graves** e conlevarán unha penalidade de 300€ ata 1500 € as seguintes:

- A reiteración na comisión de tres faltas leves.
- A desobediencia ás ordes do responsable para a vixilancia do contrato.
- As accións u omisións que alteren a regularidade na prestación do servizo.
- A carencia de elementos necesarios para a prestación do servizo.
- O trato irrespectuoso ao público, persoal municipal ou axentes da autoridade, así como calquera acción do persoal que supoña un desprestixio do servizo.
- No acudir a las reunións de seguimento do contrato cando sexa convocado.

c) Terán a consideración de **infraccións moi graves** e darán lugar á rescisión do contrato, sen prexuízo da aplicación das sancións ás que dese lugar a xuízo do Órgano de Contratación, tódalas que supoñan un incumprimento das condicións do contrato ou unha deficiente xestión do servizo, ademais das seguintes:



DILIXENCIA: Para facer constar que o presente prego de cláusulas administrativas particulares foi aprobado por acordo da Xunta de goberno local adoptado na súa sesión ordinaria de data de 2016
Bueu, a de de 2016
A secretaria do concello

Nuria Lobato Del Río

- Obstaculizar a inspección ou fiscalización do persoal municipal.
- Incumprir as normas laborais ou convenio colectivo do persoal a empregar.
- Ceder o contrato sen a debida autorización municipal.
- Incumprir obrigas salariais ou de seguridade social respecto aos traballadores a empregar.
- Reiterar a comisión de dúas infraccións graves.

XIX.- PRAZO DE GARANTÍA E DEVOLUCIÓN DA GARANTÍA DEFINITIVA

Dadas as características do servizo, este contrato carece de prazo de garantía. O contratista adxudicatario poderá solicitar a devolución da garantía depositada unha vez transcorrido un mes dende a finalización do contrato

XX.- ABONO DO PREZO

O contratista terá dereito ao abono do prezo convido de acordo ás condicións establecidas nos PCAP, PPT, no contrato e, en base aos traballos efectivamente realizados e formalmente recibidos pola administración municipal.

A facturación da prestación do servizo contratado realizarase anualmente en dous tramos. O contratista poderá presentar unha primeira factura polos traballos realizados unha vez instalado o balizamento en tódalas praias en cada tempada, e a segunda factura unha vez proceda a retirar, limpar e almacenar todo o material utilizado no balizamento das praias en cada tempada.

Asemade, en calquera momento o Concello poderá solicitar a documentación xustificativa de que os traballadores asignados ao contrato percibiron as súas retribucións e a empresa está ao corrente coas súas obrigas de Seguridade Social respecto dos traballadores.

O pago realizarase previa presentación de factura, coa descrición e medición da instalación realizada, para a primeira factura anual, e do servizo de mantemento e retirada realizado ao remate da temporada estival, para a segunda factura anual, debidamente conformada polo responsable do contrato e aprobada polo órgano competente.

A/s factura/s que sexan expedidas polo contratista deberán axustarse ao disposto na base 22 dos vixentes orzamentos municipais quedando obrigadas ao uso da factura electrónica e a súa presentación a través do punto xeral de entrada de facturas establecido para o concello de Bueu nos termos previstos no artigo 4º da lei 25/2013, de impulso da factura electrónica e creación do rexistro contable de facturas no sector público.



CONCELLO DE BUEU

DEPARTAMENTO SECRETARÍA-Servizo de contratación

RÚA DE EDUARDO VINCENTI, 8. 36930 - BUEU (PONTEVEDRA)
SECRETARIA@CONCELLODEBUEU.ORG / TLF. 986 390 029 / FAX 986 322 099
CIF: P3600400 J. Rex. E.111

Rf. PCAP/S/C4-16

Page 28 of 40

DILIXENCIA: Para facer constar que o presente prego de cláusulas administrativas particulares foi aprobado por acordo da Xunta de goberno local adoptado na súa sesión ordinaria de data de 2016
Bueu, a de de 2016
A secretaria do concello

Nuria Lobato Del Río

A estes efectos, os códigos DIR3 do concello de Bueu, solicitados pola plataforma FACe-Punto Xeral de Entrada de Facturas Electrónicas da Administración Xeral do Estado, ao que se encontra adherido o Concello de Bueu, indispensables para a remisión de todas as facturas electrónicas deste concello, establecidos por resolución de alcaldía núm. 939/14 de 9.12.2014 (BOP núm. 6 de 12.1.2015), son:

Órgano xestor (OX): Xunta de goberno Local	Cód. DIR 3 OX:L01360046
Unidade tramitadora (UT): Secretaría	Cód. DIR 3 UT:L01360046
Oficina contable (OC): Intervención	Cód. DIR 3 OC:L01360046

XXI.- RESOLUCIÓN DO CONTRATO

Serán causas de resolución do contrato as previstas nos artigos 223 e 308 do TRLCSP, cos efectos previstos no art. 225 e 309 do TRLCSP, así como pola comisión das infraccións moi graves sinaladas nos PCAP e, no seu caso, nos PPT.

A administración municipal estará facultada para proceder á resolución do contrato polas causas sinaladas no paragrafo anterior e cos efectos previstos nos artigos 224,225 e 299 do TRLCSP.

Para os efectos de resolución do contrato incoarase un procedemento contradictorio no que se lle outorgue audiencia ao contratista para os efectos de formulación de alegacións e presentación de cantos documentos estime conveniente en defensa do seus dereitos.

Á extinción do contrato e das súas prórrogas, se as houbera, o adxudicatario deberá pór a disposición do Concello toda a documentación que obre no seu poder referente á prestación do servizo.

Á extinción do contrato de servizos, non poderá producirse en ningún caso a consolidación das persoas que realicen os traballos obxecto do contrato como persoal da Administración contratante. (art. 326.4 TRLCSP). Neste senso, a extinción do contrato deixará sen efecto o vínculo do concello de Bueu coa empresa adxudicataria ou os seus empregados, de modo que non poderá entenderse subsistente relación laboral, administrativa ou doutra índole entre estes e o concello de Bueu, respondendo o adxudicatario directamente fronte aos seus empregados polas consecuencias laborais que se deriven da extinción do contrato coa Administración.

XXII.- XURISDICCIÓN COMPETENTE

A xurisdición contencioso-administrativa coñecerá das cuestións litixiosas relacionadas co contrato a que se refire o art. 21.1 do TRLCSP. As cuestións litixiosas serán resoltas polo órgano de contratación, cuxos acordos porán remate á vía administrativa e contra os mesmos haberá lugar a recurso Contencioso-Administrativo, consonte ó disposto pola Lei Reguladora de dita Xurisdición, previa interposición, no seu caso, do recurso potestativo de reposición e sen prexuízo da interposición de calquera outro recurso que os interesados estimen procedente.

**CONCELLO DE BUEU****DEPARTAMENTO SECRETARÍA-Servizo de contratación**

RÚA DE EDUARDO VINCENTI, 8. 36930 - BUEU (PONTEVEDRA)
SECRETARIA@CONCELLODEBUEU.ORG / TLF. 986 390 029 / FAX 986 322 099
CIF: P3600400 J. Rex. E.111

Rf. PCAP/S/C4-16

Page 29 of 40

DILIXENCIA: Para facer constar que o presente prego de cláusulas administrativas particulares foi aprobado por acordo da Xunta de goberno local adoptado na súa sesión ordinaria de data de 2016
Bueu, a de de 2016
A secretaria do concello

Nuria Lobato Del Río

ANEXO I.- CADRO RESUMO DO CONTRATO DO SERVIZO DE BALIZAMENTO DAS PRAIAS DO CONCELLO DE BUEU**I. OBXECTO DO CONTRATO:**

Ref. S/C/4-16	Órgano xestor: Xunta de goberno Local	Cód. DIR 3:L01360046
	Unidade tramitadora: Secretaria	Cód. DIR 3:L01360046
	Oficina contable: Intervención	Cód. DIR 3:L01360046
	Órgano destinatario do obxecto contrato (área de xestión): concelleiro delegado especial de praias (resolución de alcaldía núm. 582/2015/BOP núm. 121 de 26.06.2015)	
Título: SERVIZO DE BALIZAMENTO DE PRAIAS DO CONCELLO DE BUEU		
CPV: 63724310-6 -> servizos de balizado con boias		

II. PREZO E FORMA DE PAGO

VALOR ESTIMADO	SIN IVE	IVE (21%)	CON IVE
01 ANO	13000,00€	2730,00€	15730,00€
02 ANOS (DUR. CONT.)	26000,00€	5460,00€	31460,00€
04 ANOS (DUR. CONT.+PRÓRROGAS)	52000,00€	10920,00€	62920,00€
APLICACIÓN ORZAMENTARIA: 172.22706			
FINANCIACIÓN: A prestación obxecto da contratación financiarase con cargo aos recursos propios da facenda municipal.			
FORMA DE PAGO: dous pagos anuais (cláusula XX)			
FORMA DE DETERMINACIÓN DO VALOR ESTIMADO DO CONTRATO: o valor estimado determinouse a tanto alzado tendo en conta o custe do servizo en anos anteriores. (cláusula III.2)			
FACTURACIÓN ELECTRÓNICA: Presentación de facturas a través do punto xeral de entrada de facturas establecido para o concello de Bueu nos termos previstos no artigo 4º da lei 25/2013.		CÓDIGOS DIR 3: Publicados no BOP núm. 6 de 12.1.2015 e na web municipal	

III. DURACIÓN

PRAZO DE EXECUCIÓN: 2 ANOS	
PREVISIÓN DE PRORRROGAS: SI	NÚM. MÁX PRÓRROGAS: 2
DURACIÓN DAS PRORRROGAS: Anual	
PRAZO MÁXIMO DURACIÓN INCLUIDAS PRORRROGAS: 4 Anos	

IV. PROCEDEMENTO E TRAMITACIÓN

PROCEDEMENTO: Aberto cun único criterio a considerar (prezo), nos termos previstos no art. 150.1 do TRLCSP, entendéndose que a oferta economicamente máis vantaxosa	TRAMITACIÓN: Ordinaria
---	------------------------

**CONCELLO DE BUEU****DEPARTAMENTO SECRETARÍA-Servizo de contratación**

RÚA DE EDUARDO VINCENTI, 8. 36930 - BUEU (PONTEVEDRA)
SECRETARIA@CONCELLODEBUEU.ORG / TLF. 986 390 029 / FAX 986 322 099
CIF: P3600400 J. Rex. E.111

Rf. PCAP/S/C4-16

Page 30 of 40

DILIXENCIA: Para facer constar que o presente prego de cláusulas administrativas particulares foi aprobado por acordo da Xunta de goberno local adoptado na súa sesión ordinaria de data de 2016
Bueu, a de de 2016
A secretaria do concello

Nuria Lobato Del Río

é a que incorpore o prezo máis baixo no seu conxunto	
SUXETO A REGULACIÓN HARMONIZADA: Non	VARIANTES/MELLORAS: Non
REVISIÓN PREZOS: Non	

V. PROPOSICIÓNS

LICITACIÓN ELECTRÓNICA (posibilidade de presentación de ofertas por medios electrónicos): Non se admite
TABOLEIRO DE ANUNCIOS ELECTRÓNICO (medio electrónico de comunicación de defectos u omisións subsanables na documentación presentada: SI. A través do Perfil de contratante da web municipal
COMUNICACIÓNS E NOTIFICACIÓNS: Uso preferente de FAX e/ou CORREO ELECTRÓNICO previa autorización do licitador
ACCESO AO EXPEDIENTE: No perfil de contratante do concello de Bueu ao que se accede a través do portal da web municipal (www.concellodebueu.org)
DÚBIDAS E ACLARACIÓNS AOS PCAP/PPT: Formulación mediante correo electrónico dirixido á dirección contratacion@concellodebueu.org , ou secretaria@concellodebueu.org cunha antelación mínima de 48 horas ao remate do prazo de presentación de solicitudes de participación.
PUBLICIDADE DA RESOLUCIÓN DAS DÚBIDAS E ACLARACIÓNS AOS PCAP/PPT: Anuncio no taboleiro de anuncios do concello (planta baixa da casa consistorial) e no Perfil de contratante da web municipal garantindo o anonimato da persoa física ou xurídica que formula a consulta e notificación individualizada da resolución ao consultante por correo electrónico.
SUBSTITUCIÓN DA ACREDITACIÓN INICIAL DO CUMPRIMENTO DAS CONDICIÓNNS PARA CONTRATAR POR DECLARACIÓN RESPONSABLE: Si (anexo II dos PCAP)

VI. REQUISITOS DE SOLVENCIA

SOLVENCIA ECONÓMICA E FINANCIERA (MEDIO OBRIGATORIO)	SEG. RISCOS PROFESIONAIS	
	Medio de acreditación: Xustificante da existencia dun seguro de indemnización por riscos profesionais. Criterio de solvencia: Ter subscrito e en vigor un seguro de indemnización por riscos profesionais polo importe igual ou superior ao valor estimado do contrato. Doc. xustificativa: A xustificación realizarase mediante a presentación de xustificante da póliza do seguro de indemnización por riscos profesionais subscrito a nome do licitador xunto co correspondente recibo acreditativo do seu pago.	
SOLVENCIA TÉCNICA OU PROFESIONAL (Dous medios obrigatorios)	MEDIOS PERSONAIS, MATERIAIS E TÉCNICOS	SERVIZOS ANÁLOGOS
	Medio de acreditación: Relación de persoal técnico ou unidades técnicas, participantes no contrato, e persoal responsable da execución do contrato, maquinaria, material e equipo técnico do que se disporá para a execución dos traballos ou prestacións,	Medio de acreditación: Relación dos principais servizos ou traballos realizados que inclúa importe, datas e o destinatario, público ou privado, destes.



CONCELLO DE BUEU

DEPARTAMENTO SECRETARÍA-Servizo de contratación

RÚA DE EDUARDO VINCENTI, 8. 36930 - BUEU (PONTEVEDRA)
SECRETARIA@CONCELLODEBUEU.ORG / TLF. 986 390 029 / FAX 986 322 099
CIF: P3600400 J. Rex. E.111

Rf. PCAP/S/C4-16

Page 31 of 40

DILIXENCIA: Para facer constar que o presente prego de cláusulas administrativas particulares foi aprobado por acordo da Xunta de goberno local adoptado na súa sesión ordinaria de data de 2016
Bueu, a de de 2016
A secretaria do concello

Nuria Lobato Del Río

----	Criterio de solvencia: En dita relación, deberá figurar alomenos, a prestación do servizo obxecto do contrato, cunha duración total non inferior a dous anos, na que alomenos, un ano de execución se atope entre os derradeiros cinco anos.
Documentación xustificativa: declaración asinada polo licitador que conteña de forma detallada a información sinada anteriormente (identidade do persoal participante no contrato, titulacións académicas e profesionais , relación de medios, materiais, maquinaria e equipo vinculado á execución do contrato)	Documentación xustificativa: Certificados expedidos ou visados polo órgano competente, cando o destinatario sexa unha entidade do sector público; cando o destinatario sexa un suxeito privado, mediante un certificado expedido por este ou, a falta deste certificado, mediante unha declaración do empresario.

VII. RÉXIME DE GARANTÍAS

GARANTIA PROVISIONAL: non esixible	GARANTÍA DEFINITIVA: esixible
PRAZO DE GARANTÍA DEFINITIVA: non esixible	
FORMALIZACIÓN DA GARANTÍA DEFINITIVA: Mediante retención do prezo e en calquera das formas admitidas no artigo 96-TRLRSP e nos artigos 55, 56, 57 e 58 do RXLCAP	
IMPORTE GARANTÍA DEFINITIVA: 5% do prezo de adjudicación	

VIII. RESPONSABLE DO CONTRATO

RESPONSABLE DO CONTRATO: Arquitecto técnico municipal quen supervisará a correcta execución do contrato e cursará ao contratista as ordes e instrucións do órgano de contratación de cara a asegurar a mesma de acordo coas facultades previstas na cláusula XVI dos PCAP.

IX. EXECUCION DO CONTRATO

RISCO E VENTURA: A CARGO DO CONTRATISTA

POSIBILIDADE DE MODIFICACION DO CONTRATO: SI (cláusula XV dos PCAP)

POSIBILIDADE DE SUBCONTRATACIÓN: SI (cláusula XVII.6 dos PCAP)

X. PENALIDADES

PENALIDADES: Si

Por Incumprimento leve:
penalidade de ata 300€

Por Incumprimento grave:
penalidade de 300€ ata 1500 €

Por Incump. moi grave: darán lugar á rescisión do contrato, sen prexuízo da aplicación das sancións ás que dese lugar a xuízo do Órgano de Contratación.



CONCELLO DE BUEU

DEPARTAMENTO SECRETARÍA-Servizo de contratación

RÚA DE EDUARDO VINCENTI, 8. 36930 - BUEU (PONTEVEDRA)
SECRETARIA@CONCELLODEBUEU.ORG / TLF. 986 390 029 / FAX 986 322 099
CIF: P3600400 J. Rex. E.111

Rf. PCAP/S/C4-16

Page 32 of 40

DILIXENCIA: Para facer constar que o presente prego de cláusulas administrativas particulares foi aprobado por acordo da Xunta de goberno local adoptado na súa sesión ordinaria de data de 2016
Bueu, a de de 2016
A secretaria do concello

Nuria Lobato Del Río

ANEXO II

MODELO DE DECLARACIÓN RESPONSABLE

SOLICITANTE

Nome e apelidos (persoas físicas) ou denominación social (persoas xurídicas):

Enderezo (rúa, número, c.p., poboación, provincia e país):

Nº teléfono/Fax/Correo electrónico

C.I.F./N.I.F.:

Obxecto social ou actividade:

Epígrafe/s do I.A.E. nos que se atopa dado de alta e ámbito:

REPRESENTANTE

Nome e apelidos:

Enderezo (rúa, número, c.p., poboación, provincia e país)

N.I.F.:

Nº teléfono y Fax para notificacións

Poder: Escritura NºNotario D/Dª.....

Localidade.....Data.....

EXPÓN E SOLICITA

Que considerando que cumpro cos requisitos de capacidade e solvencia esixidos na normativa reguladora da contratación do sector público solicita ser admitido na licitación do servizo denominado "SERVIZO DE BALIZAMENTO DAS PRAIAS DO CONCELLO DE BUEU" e en cumprimento do disposto nos arts. 146.4 do Real decreto legislativo 3/2011, de 14 de novembro, na redacción dada pola lei 14/2013 de apoio a emprendedores e a súa internalización e na cláusula IX.2.1 do prego de cláusulas administrativas particulares reguladoras da contratación de dito servizo

DECLARO, BAIXO A MIÑA RESPONSABILIDADE, QUE SON CERTOS OS DATOS QUE FIGURAN NO PRESENTE DOCUMENTO, QUE POSÚO A DOCUMENTACIÓN QUE ASÍ O ACREDITA, E:

- 1.- Que cumpro tódolos requisitos de capacidade e solvencia do empresario establecidos no Libro I, título II, capítulo II do Real decreto legislativo 3/2011, de 14 de novembro para participar na licitación do servizo *SERVIZO DE BALIZAMENTO DAS PRAIAS DO CONCELLO DE BUEU*
- 2.- Que estou en posesión da documentación que acredita o sinalado no parágrafo anterior na data de remate do prazo de presentación de ofertas
- 3.- Que, no suposto de resultar proposto para a adxudicación do contrato administrativo da obra de referencia, me comprometo a presentar en tempo e forma a documentación acreditativa do



CONCELLO DE BUEU

DEPARTAMENTO SECRETARÍA-Servizo de contratación

RÚA DE EDUARDO VINCENTI, 8. 36930 - BUEU (PONTEVEDRA)
SECRETARIA@CONCELLODEBUEU.ORG / TLF. 986 390 029 / FAX 986 322 099
CIF: P3600400 J. Rex. E.111

Rf. PCAP/S/C4-16

Page 33 of 40

DILIXENCIA: Para facer constar que o presente prego de cláusulas administrativas particulares foi aprobado por acordo da Xunta de goberno local adoptado na súa sesión ordinaria de data de 2016
Bueu, a de de 2016
A secretaria do concello

Nuria Lobato Del Río

cumprimento dos requisitos de capacidade e solvencia do empresario establecidos no Libro I, título II, capítulo II do Real decreto legislativo 3/2011, de 14 de novembro

4.- Que aos efectos da normativa sobre protección de datos persoais autorizo a esta Administración á comprobación telemática con outras Administracións públicas dos datos declarados e demais circunstancias relativas ao exercicio da actividade a desenvolver.

DOCUMENTOS QUE SE ADXUNTAN

- 1.- NIF/CIF
- 2.- Escritura constitución ou modificación
- 3.- Poder notarial para representar á persoa ou entidade en cuxo nome concorre

(NOTA INFORMATIVA: O apartado 4 do artigo 71. bis da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, dispón que "La inexactitud, falsedad u omisión, de carácter esencial, en cualquier dato, manifestación o documento que se acompañe o incorpore a una declaración responsable o a una comunicación previa, o la no presentación ante la Administración competente de la declaración responsable o comunicación previa, determinará la imposibilidad de continuar con el ejercicio del derecho o actividad afectada desde el momento en que se tenga constancia de tales hechos, sin perjuicio de las responsabilidades penales, civiles o administrativas a que hubiera lugar. Asimismo, la resolución de la Administración Pública que declare tales circunstancias podrá determinar la obligación del interesado de restituir la situación jurídica al momento previo al reconocimiento o al ejercicio del derecho o al inicio de la actividad correspondiente, así como la imposibilidad de instar un nuevo procedimiento con el mismo objeto durante un periodo de tiempo determinado, todo ello conforme a los términos establecidos en las normas sectoriales de aplicación.")

Bueu, a.....de.....de 20.....
Asdo.:.....

**A documentación acreditativa da capacidade e solvencia que deberá presentar o licitador proposto será a seguinte nos termos previstos na cláusula IX.4 do PCAP (exceptuase a documentación presentada xunto coa declaración responsable):*

A) Documento acreditativo da personalidade xurídica do empresario consonte esixe o art. 146.1 do TRLCSP

A-1) *Empresario individual: copia compulsada, notarial ou administrativamente, do NIF, pasaporte ou documento que o substitúa.*

A-2) *Persoas xurídicas: escritura de constitución ou modificación, se é o caso, inscrita no Rexistro Mercantil, cando este requisito fose esixible conforme á lexislación mercantil que lle sexa aplicable. Se non o fora: escritura ou documento de constitución, de modificación, estatutos ou acto fundacional, no que consten as normas polas que se regula a súa actividade, inscritos, se é o caso, no correspondente rexistro oficial.*

- *Fotocopia da tarxeta de código de identificación fiscal (CIF), debidamente compulsada, notarial ou administrativamente.*

A-3) *Empresas comunitarias.*

A capacidade de obrar das empresas non españolas de Estados Membros da Unión Europea acreditarase mediante a inscrición no rexistro procedente de acordo coa lexislación do Estado onde están establecidos ou mediante a presentación dunha declaración xurada ou un certificado, nos termos que se establezan regulamentariamente, de acordo coas disposicións comunitarias de aplicación.

A.4) *Empresas non españolas de estados signatarios do acordo sobre o Espazo Económico Europeo (Islandia, Liechtenstein e Noruega). A capacidade de obrar destas empresas acreditarase mediante a inscrición no Rexistro procedente de acordo coa lexislación do Estado*



CONCELLO DE BUEU

DEPARTAMENTO SECRETARÍA-Servizo de contratación

RÚA DE EDUARDO VINCENTI, 8. 36930 - BUEU (PONTEVEDRA)
SECRETARIA@CONCELLODEBUEU.ORG / TLF. 986 390 029 / FAX 986 322 099
CIF: P3600400 J. Rex. E.111

Rf. PCAP/S/C4-16

Page 34 of 40

DILIXENCIA: Para facer constar que o presente prego de cláusulas administrativas particulares foi aprobado por acordo da Xunta de goberno local adoptado na súa sesión ordinaria de data de 2016
Bueu, a de de 2016
A secretaria do concello

Nuria Lobato Del Río

onde están establecidos ou mediante a presentación dunha declaración xurada ou un certificado, nos termos que se establezan regulamentariamente, de acordo coas disposicións comunitarias de aplicación.

A-5) Empresas non comunitarias.

1.- Os empresarios estranxeiros deberán acreditar a súa capacidade de obrar co informe da Misión Diplomática Permanente de España no Estado correspondente ou da Oficina Consular en cuxo ámbito territorial radique o domicilio da empresa.

2.- Informe de reciprocidade: as persoas físicas ou xurídicas de Estados non pertencentes á Unión Europea deberán xustificar mediante informe expedido pola Misión Diplomática Permanente Española, na que se faga constar que o Estado de procedencia da empresa admite pola súa vez a participación de empresas españolas na contratación coa administración en forma substancialmente análoga.

A-6) Disposición común a empresas estranxeiras (comunitarias ou non comunitarias): Declaración de sometemento á xurisdición de Tribunais e Xulgados españois. As empresas estranxeiras deberán presentar unha declaración de sometemento á xurisdición dos Tribunais e Xulgados españois de calquera orde, para todas as incidencias que de modo directo ou indireto puidesen xurdir do contrato, con renuncia, se é o caso, ao foro xurisdiccional estranxeiro que lle puidese corresponder ao licitante

B) Empresas estranxeiras non comunitarias: sucursal en España.

Documento acreditativo de que a empresa ten aberta sucursal en España, con designación de apoderados ou de representantes para as súas operacións e que estea inscrita no Rexistro Mercantil. (art. 55.2 do TRLCSP).

C) Poderes:

Cando o licitador non actúe en nome propio ou se trate de sociedade ou persoa xurídica, deberá acompañarse poder notarial para representar á persoa ou entidade en cuxo nome concorre perante a administración contratante. O poder deberá figurar inscrito previamente no Rexistro Mercantil nos casos en que a dita inscrición sexa esixida polo Regulamento do Rexistro Mercantil

D) Bastanteo de poderes:

Os poderes a que se refire o apartado anterior, deberaos bastantear previamente a Secretaria da Corporación municipal previa solicitude formulada no rexistro xeral do concello según modelo que figura no anexo I (poderase igualmente descargar o formulario da web municipal).

E) Prohibicións para contratar ou incompatibilidades:

Declaración responsable de que a empresa interesada non está incurso en ningunha das prohibicións para contratar ou incompatibilidades establecidas no artigo 146.1.c) e 60 do TRLCSP, nos termos esixidos no art. 146.1.c) do TRLCSP, axustado ao seguinte modelo:

"D./D^a....., con DNI n^o.....e domicilio, a efectos de notificación, en.....provincia de.....rúa..... n^o.....en nome propio/ ou en representación da empresa á que representa no procedemento aberto para a adxudicación do contrato de servizo (Título)....., convocado polo Concello de Bueu

Declara que nin a empresa nin os seus administradores ou órganos de dirección están incurso en prohibicións de contratar coa administración establecidas no art. 60 e 146.1.c) do TRLCSP.

Así mesmo declara que está ao corrente do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social impostas polas disposicións vixentes.

(Lugar, data e sinatura do propoñente)"

F) Pago do imposto de actividades económicas:

Certificación ou recibo acreditativo do pago do Imposto de Actividades Económicas (IAE) correspondente á actividade concreta sobre a que se oferta, xunto cunha declaración responsable asinada polo licitador na que se faga constar que non se deu de baixa na matrícula do citado imposto.

Para o caso de estar exento conforme ao artigo 82-Real Decreto Legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, acreditarase esta circunstancia por mera comunicación escrita se se trata de persoas físicas, en no caso de persoas xurídicas, achegando ben o modelo 201 do Imposto de Sociedades do último exercicio presentado na



CONCELLO DE BUEU

DEPARTAMENTO SECRETARÍA-Servizo de contratación

RÚA DE EDUARDO VINCENTI, 8. 36930 - BUEU (PONTEVEDRA)
SECRETARIA@CONCELLODEBUEU.ORG / TLF. 986 390 029 / FAX 986 322 099
CIF: P3600400 J. Rex. E.111

Rf. PCAP/S/C4-16

Page 35 of 40

DILIXENCIA: Para facer constar que o presente prego de cláusulas administrativas particulares foi aprobado por acordo da Xunta de goberno local adoptado na súa sesión ordinaria de data de 2016
Bueu, a de de 2016
A secretaria do concello

Nuria Lobato Del Río

Delegación do Ministerio de Facenda correspondente, ou ben, acompañando comunicación da cifra de negocios regulada na Orde HAC/85/2003, do 23 de xaneiro.

G) Acreditación de solvencia económica e financeira e solvencia técnica: (consonte dispón os PCAP/RESUMO NO CADRO DE CARACTERÍSTICAS)

H) Unións temporais de empresas. Indicación dos nomes e circunstancias das empresas que a constitúen, participación de cada unha delas e compromiso de constituírse formalmente en UTE, caso de resultar adxudicatarias, de conformidade co artigo 59 do TRLCSP e cláusula VIII dos PCAP.

I) Declaración de empresas vinculadas. No caso de que a empresa concorra á licitación con empresas pertencentes a un mesmo grupo, nos termos a que se refire o art. 145 do TRLCSP, presentárase necesariamente unha declaración indicando esta circunstancia e o nome ou a súa denominación social, debendo constar este documento en cada unha das ofertas formuladas por todas as empresas vinculadas que concorran á licitación.

J) Rexistro oficial de licitadores e empresas clasificadas do Estado ou das Comunidades Autónomas e rexistro voluntario de documentación de empresas contratistas da Xunta de Galicia. Os licitadores poderán indicar o rexistro de licitadores e empresas clasificadas no que estean inscritas acompañando a correspondente certificación vixente onde se recollan os puntos a que se refire o art. 328 do TRLCSP, en cuxo caso estarán dispensados de presentar os datos que figuren inscritos, sen prexuízo de que a administración municipal poida solicitar aqueles datos ou documentos que estime necesarios a fin de verificar ou comprobar a súa exactitude ou vixencia. Cando a acreditación da capacidade e solvencia se realice mediante a certificación dun Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas prevista no art. 83.2 do TRLCSP, ou mediante certificado comunitario de clasificación consonte dispón o art. 84, deberá adxuntarse unha declaración responsable do licitador na que manifieste as circunstancias reflectidas no correspondente certificado non experimentaron variación. Esta manifestación deberá reiterarse, en caso de resultar adxudicatario, no documento en que se formalice o contrato, sen prexuízo do cal o órgano de contratación poida, se o considera conveniente, efectuar unha consulta ao Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas



CONCELLO DE BUEU

DEPARTAMENTO SECRETARÍA-Servizo de contratación

RÚA DE EDUARDO VINCENTI, 8. 36930 - BUEU (PONTEVEDRA)
SECRETARIA@CONCELLODEBUEU.ORG / TLF. 986 390 029 / FAX 986 322 099
CIF: P3600400 J. Rex. E.111

Rf. PCAP/S/C4-16

Page 36 of 40

DILIXENCIA: Para facer constar que o presente prego de cláusulas administrativas particulares foi aprobado por acordo da Xunta de goberno local adoptado na súa sesión ordinaria de data de 2016
Bueu, a de de 2016
A secretaria do concello

Nuria Lobato Del Río

ANEXO III.- MODELO DE PROPOSICION ECONOMICA

Incluirá os seguintes documentos: Oferta económica según o modelo que figura neste anexo

"D/Dª.....maior de idade, veciño de..... e con DNI nº..... en nome propio ou en representación da Empresa,..... con domicilio social en....., e NIF nºao obxecto de participar no procedemento aberto para a contratación de ".....", manifesta o seguinte:

- Acepta tomar parte na indicada licitación de acordo coas condicións previstas polo Concello de Bueu.
- Coñece e acepta de forma plena e sen condición algunha as características e condicións para a contratación que se relacionan no cadro resumo contrato, aceptando integramente os termos, e obrigas contidos no mesmo, sen excepción, así como as obrigas sobre protección do emprego, condicións de traballo, prevencións de riscos laborais e protección do medio ambiente.
- Comprométese, en nome propio ou da empresa que representa, a levar a cabo a contratación, con estrita suxeición aos requisitos e condicións esixidas, polo prezo de:
BASE IMPONIBLE:euros/ano (en letra e número) IVE EXCLUIDO.
IVE:.....euros/ano(en letra e número)
IMPORTE TOTAL DA OFERTA:euros/ano(en letra e número) IVE INCLUIDO.

En , ade de 2016
(Lugar, data e sinatura do licitador)

NOTA IMPORTANTE:

No suposto de existir na oferta erros aritméticos, materiais ou de feito resolverase do seguinte xeito:

- No caso de discordancia entre a cantidade consignada en cifras e a consignada en letra, prevalecerá esta última.

- Se os erros resultan nos cálculos do IVE do total ofertado, tomarse o valor da base imponible (importe inamovible) para calcular o importe total da oferta económica consignada na proposición do licitador



CONCELLO DE BUEU

DEPARTAMENTO SECRETARÍA-Servizo de contratación

RÚA DE EDUARDO VINCENTI, 8. 36930 - BUEU (PONTEVEDRA)
SECRETARIA@CONCELLODEBUEU.ORG / TLF. 986 390 029 / FAX 986 322 099
CIF: P3600400 J. Rex. E.111

Rf. PCAP/S/C4-16

Page 37 of 40

DILIXENCIA: Para facer constar que o presente prego de cláusulas administrativas particulares foi aprobado por acordo da Xunta de goberno local adoptado na súa sesión ordinaria de data de 2016
Bueu, a de de 2016
A secretaria do concello

Nuria Lobato Del Río

ANEXO IV

MODELO DE SOLICITUDE DILIXENCIA DE BASTANTEO DE PODERES

SOLICITANTE

D./D^a.....En representación

d@.....

C.I.F. nº.....

ENDEREZO: Rúa e núm.....

Parroquia e Concello.....

NIF.....TELEF.:

EXPÓN:

Actuando en nome e representación do poderdante que logo se dirá, deposita no Rexistro xeral do concello, para a súa remisión ao servizo de contratación do departamento de secretaria, os documentos que abaixo se relacionan para o bastanteo do poder seguinte:

DOCUMENTOS:

.....
.....
.....

DATA, CIDADE E Nº PROTOCOLO:

.....
.....
.....

PODERDANTE:.....

BASTANTEAR PARA:

.....
.....

SOLICITA:

Que previos os trámites correspondentes, se proceda a realizar por parte da Secretaría municipal a dilixencia de bastanteo de poderes interesada.

Bueu a,..... dedo 2016

O SOLICITANTE

SR. ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE BUEU

Relación de documentación necesaria para o inicio e tramitación do procedemento:



CONCELLO DE BUEU

DEPARTAMENTO SECRETARÍA-Servizo de contratación

RÚA DE EDUARDO VINCENTI, 8. 36930 - BUEU (PONTEVEDRA)
SECRETARIA@CONCELLODEBUEU.ORG / TLF. 986 390 029 / FAX 986 322 099
CIF: P3600400 J. Rex. E.111

Rf. PCAP/S/C4-16

Page 38 of 40

DILIXENCIA: Para facer constar que o presente prego de cláusulas administrativas particulares foi aprobado por acordo da Xunta de goberno local adoptado na súa sesión ordinaria de data de 2016
Bueu, a de de 2016
A secretaria do concello

Nuria Lobato Del Río

- *Copia autorizada de documentos ou escrituras públicas, debidamente inscrito no rexistro correspondente (ej, mercantil, cooperativas, fundacions, etc).. Non se bastantean nin fotocopias nin copias simples.*
 - *No caso de asociacións, clubs deportivos, federacións, etc deberán aportar orixinal, testemuña ou copia compulsada da documentación acreditativa da constitución do ente e os seus estatutos, e da resolución administrativa pola que se aprobou a súa creación e inscrición no Rexistro correspondente, así como certificación acreditativa da vixencia do cargo de Apoderado (ej, Presidente).*
 - *A taxa pola expedición do documento administrativo no que se formalice o bastanteo esixiranse, nos termos previstos na ordenanza fiscal núm. 12 (BOP Pontevedra núm. 250 de 30.12.2005) en réxime de autoliquidación. Neste senso, as persoas interesadas na tramitación do documento que constitua o feito impositivo desta taxa (bastanteo), presentarán previamente no Rexistro Xeral do concello a oportuna solicitude, acompañando o xustificante de ter pagada a taxa correspondente, sin cuio requisito non será tramitado o mesmo. Os escritos recibidos polos conductos a que fai referencia o artigo 38.4 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, que non veñan debidamente reintegrados, serán admitidos provisoriamente, pero non se lles dará curso sen que se corrixa a deficiencia, para o que se requirirá ó interesado co fin de que, no prazo de 10 días aboe as cotas correspondentes co apercibimento de que, transcorrido dito prazo sen efectualo, teranse ditos escritos por non presentados e será arquivada a solicitude.*



DILIXENCIA: Para facer constar que o presente prego de cláusulas administrativas particulares foi aprobado por acordo da Xunta de goberno local adoptado na súa sesión ordinaria de data de 2016
Bueu, a de de 2016
A secretaria do concello

Nuria Lobato Del Río

ANEXO V.- MODELO DE DECLARACIÓN RESPONSABLE DE VIXENCIA DOS DATOS ANOTADOS NO REXISTRO DE LICITADORES

D./D^a.....en calidad e de con DNI / NIE núm.:, en nome propio ou en representación da empresa, con C.I.F.:....., inscrita no Rexistro de Licitadores de, con núm.....ao obxecto de participar na contratación denominada convocada polo concello de Bueu, baixo a súa persoal responsabilidade, DECLARA:

A) Que os datos desta empresa que constan no Rexistro de Licitadores non foron alterados en ningunha das súas circunstancias e que se corresponden co certificado do Rexistro.

B) Que dos datos desta empresa anotados no Rexistro de Licitadores sufriron variación os que a continuación se indican, segundo se acredita mediante os documentos que se adxuntan, manténdose os demais datos sen ningunha alteración respecto do contido do Certificado do Rexistro.

Datos que sufriron variación:

a).....

b).....

Documentación xustificativa que se adxunta:

a).....

b).....

(Lugar, data e sinatura do licitador)



CONCELLO DE BUEU

DEPARTAMENTO SECRETARÍA-Servizo de contratación

RÚA DE EDUARDO VINCENTI, 8. 36930 - BUEU (PONTEVEDRA)

SECRETARIA@CONCELLODEBUEU.ORG / TLF. 986 390 029 / FAX 986 322 099

CIF: P3600400 J. Rex. E.111

Rf. PCAP/S/C4-16

Page 40 of 40

DILIXENCIA: Para facer constar que o presente prego de cláusulas administrativas particulares foi aprobado por acordo da Xunta de goberno local adoptado na súa sesión ordinaria de data de 2016

Bueu, a de de 2016

A secretaria do concello

Nuria Lobato Del Río

ANEXO VI.- DISPOSICIÓN DOS TRAMOS DE BANDA LITORAL E DOS CANALES NÁUTICOS.